

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de maio de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trece de maio de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(439).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 29 de abril de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(440).- PROPOSTA DE ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 8357/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da xefa do Servizo de Contratación, do 6.05.16, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES NA CIDADE DE VIGO

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro. - En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º Aproba-lo gasto (...)

2º Aproba-lo expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo. - En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación do procedemento obxecto deste recurso a ALTHENIA, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de agosto de 2015, e comezou a súa execución o día 1 de setembro do mesmo ano.

Terceiro. - En data 5 de outubro de 2015, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en adiante TACRC), en resolución n.º 901/2015, estima o recurso especial en materia de contratación interposto pola mercantil VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluíla do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

Cuarto. - En data 11 de decembro de 2015, a XGL acordou “Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución”. Interposto ó recurso, este é admitido a trámite en resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 11 de xaneiro de 2016.

Quinto. - En data 4 de marzo de 2016, a XGL acordou “Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo”.

Sexto.- En data 31 de marzo de 2016, a XGL, acorda que ALTHENIA, S.L., continúe prestando o servizo ata a formalización do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo.

Sétimo.- En data 27 de abril de 2016, o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia denega a medida cautelar de suspensión da execución da resolución 901/2015 do TRCRC.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A resolución n.º 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales estima o recurso especial en materia de contratación interposto pola mercantil VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluíla do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

A execución da resolución do TACRC implicou retrotraer o expediente ó momento anterior á exclusión desta mercantil do procedemento de licitación dos servizos de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo. Ó retrotraer ó expediente, as actuacións do mesmo posteriores ó acto de exclusión deberon nulas de pleno dereito, entre elas á adxudicación e formalización do contrato con ALTHENIA.

Se o contrato coa empresa ALTHENIA deveu nulo, este non existe no tráfico xurídico e, por conseguinte, non resulta posible a súa modificación. En consecuencia, procede acordar o arquivo do expediente iniciado para a súa modificación.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Arquivar o procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo iniciado por acordo da XGL de data 4 de marzo de 2016.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(441).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS E XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8732/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/05/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área, pola titular da Asesoría Xurídica Municipal e, en data 09/05/16 polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, acordou, entre outros extremos, "Aprobar o expediente de Servizos de Conservación e Reposición de Parques Infantís, Áreas Biosaudables, Áreas deportivas ximnásticas e Mobiliario Urbán do Concello de Vigo", así como os pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto e abrir o período de licitación deste procedemento.

É obxecto deste contrato "a prestación dos servizos de mantemento, conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo relacionados nos Anexos I, II, III, IV e V do prego de bases técnicas, así como daquelas outras que se vaian incorporando consonte o disposto no apartado 3.1. do prego de prescricións técnicas" (apartado 2.A da FEC).

Segundo.- En data 10 de abril de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou "Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Terceiro.- En data 29 de abril de 2015 formalizouse o contrato en documento administrativo, comezando a súa execución en data 1 de maio do mesmo ano, agás para as prestacións relativas ó mantemento, conservación e reposición das áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas, que comezou o día 15 de xullo de 2015.

Cuarto.- En data 26 de febreiro de 2016, a Xunta de Goberno Local acordou "Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo". Deste acordo déuselle traslado ó contratista, Ferrovial Servicios, S.A., que durante ó prazo de trámite de audiencia manifestou, en escrito de data 14 de marzo de 2016, a súa conformidade coa modificación. No mesmo escrito pon de manifesto a existencia dun erro material na superficie actual de áreas biosaudables, e "onde di 10.781,16 m2 debería dicir 12.359,63 m2". Circunstancia que é

subsana polo xefe do servizo, en informe de data 12 de abril de 2016, e que, tal e como manifesta, non afecta ó contido económico nin as superficies modificadas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable á modificación

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Concorrenza dunha causa de modificación

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.

- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou redución de unidades de bancos ou bebedeiros.
- Incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou unidades de bancos ou bebedeiros.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas.
- Diminución ou incremento de unidades de bancos ou bebedeiros.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades:

- O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación, mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, etc.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse modificacións nas superficies dos parques cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato, tanto incrementos como diminución das mesmas; creáronse novos parques e incrementouse o mobiliario urbano dos mesmos, en concreto, os bancos.

Informa ó respecto o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, parques e xardíns, en data 18 de febreiro de 2016, o seguinte:

“ Produxéronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por:

- Modificación nas superficies ou unidades.
- Incorporación de novas zonas.

ZONAS DE NOVA CREACIÓN:

Parques infantís

- P.I. Aragón Redomeira 120,00 m²
- P.I. Teixugueiras Nº 34 451,00 m²
- P.I. Pizarro (Urbanización) 143,20 m²

Parques Biosaudables

- P.B. Samil 117,43 m²
- P.B. Aragón 77,84 m²
- P.B. Praia de Sta Baía 154,00 m²
- P.B. Alameda de S. Pelaio de Navia 82,00 m²
- P.B. Rúa Moaña 115,00 m²
- P.B. Polideportivo Berbés 148,05 m²
- P.B. Pizarro 150,00 m²
- P.B. Mestre Montes 144,20 m²
- P.B. Barrio das Flores 52,00 m²
- P.B. Mondariz 85,00 m²
- P.B. Alameda Andrés Gaos 130,40 m²
- P.B. Balaídos Lagares 109,93 m²
- P.B. Relfas 187,00 m²
- P.B. Independencia..... 126,40 m²
- P.B. Mercado-Toural de Abaixo..... 232,55 m²
- P.B. Centro Cultural Becerreira..... 126,40 m²
- P.B. Capela do Vao 190,00 m²
- P.B. A. VV Beade 128,00 m²

Bancos de nova instalación:

- 419 Uds

Zonas detraídas:

Parques infantís

- Parque Infantil de Bouzas 126,49 m²

Este Parque se atopábase en terreos de Obras do Porto e procederon á súa retirada para transformar a superficie en aparcamento.

Zonas nas que se amplía a superficie:

Parques infantís

- P.I Praza Independencia166,47 m²

Parques Biosaudables:

- P. B. Pablo Iglesias 110,00 m²
- P. B.Parque de Castrelos..... 588,12 m²

Todas estas modificacións quedan reflectidas na seguinte táboa:

	Listados Ad-xudicación(m2)	Listados ampliados/detraídos	Superficie/unidades
Parques infantís (m ²)	42.402,82	43.157,00	754,18
Áreas biosaudables (m ²)	9.305,31	12.359,63	3054,32
Áreas deportivas ximnásticas (m ²)	1.416,13	1.416,13	0
Bancos (unidades)	2153	2.572,00	419
Bebedeiros (unidades)	11	11,00	0

Valoración das modificacións:

	Superficie/unidades	Prezo unitario vixente/ano	Prezo /ano
Parques infantís (m ²)	754,18	6,05	4.562,79
Áreas biosaudables (m ²)	3054,32	6,05	18.478,64
Áreas deportivas ximnásticas (m ²)	0	6,05	0,00
Bancos (unidades)	419	14,7	6.159,30
Bebedeiros (unidades)	0	8,44	0,00

Polo tanto, o importe total da modificación é de 29.200,73 €/ano, e dicir, 2.433,39€/mes, polo que o importe total nos 38 meses restantes ata a finalización do contrato é de 92.468,98€

Dado que ó 5% do importe do contrato está exento de custe, isto supón 70.630,47€ ó longo de todo o contrato, e tendo en conta que restan 38 meses ata o final do contrato dende a data prevista da ampliación (1 de Marzo do 2016) o importe mensual exento é de 1.858,70 €/mes.

Os importes económicos que non se imputarán, son:

<i>Ano de aplicación</i>	<i>Período</i>	<i>Importe</i>	<i>% Adjudicación do prezo do contrato</i>
<i>Ano 2016</i>	<i>Do 1 de Marzo a 31 de decembro</i>	<i>18.586,96</i>	<i>1,32</i>
<i>Ano 2017</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i>	<i>22.304,40</i>	<i>1,58</i>
<i>Ano 2018</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i>	<i>22.304,40</i>	<i>1,58</i>
<i>Ano 2019</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 30 de Abril</i>	<i>7.434,80</i>	<i>0,53</i>
<i>Total</i>		<i>70.630,56</i>	<i>5,00</i>

Os importes económicos imputables durante os 38 meses de contrato son:

<i>Ano de aplicación</i>	<i>Período</i>	<i>Importe</i>	<i>% adjudicación</i>
<i>Ano 2016</i>	<i>Do 1 de Marzo a 31 de decembro</i>	<i>5.746,90</i>	<i>0,40</i>
<i>Ano 2017</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i>	<i>6.896,28</i>	<i>0,49</i>
<i>Ano 2018</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i>	<i>6.896,28</i>	<i>0,49</i>
<i>Año 2019</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 30 de Abril</i>	<i>2.298,76</i>	<i>0,16</i>
<i>Total</i>		<i>21.838,22</i>	<i>1,54</i>

No caso que a execución da prestación comece con posterioridade a data indicada no cadro anterior (1 de marzo), os importes correspondentes sufrirán o desconto proporcional que corresponda.

Este importe anual, para o ano 2016 (5.746,90€) pódese cargar á partida 1710-227.99.02”.

Do exposto despréndese que a modificación proposta pode encadrarse nos dos supostos previstos no apartado 16. C da FEC: alteracións na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e unidades de bancos ou bebedeiros. Por mor destas circunstancias prodúcese un incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas, así como un incremento de unidades de bancos ou bebedeiros, modificacións amparadas polo apartado 16.B da FEC.

Respecto a contía da modificación, esta alcanza un 6,54% do prezo do contrato, polo que atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do contrato, que é do 10% do

seu prezo segundo o apartado 16.D da FEC. No entanto, tal e como dispón o apartado 16.E da FEC "O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago". Para calcular o valor da modificación, de acordo co apartado 16.E da FEC, aplicouse á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC, previa aplicación ó mesmo da porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.

-III-

Requisitos da modificación

A potestade de modificación unilateral da Administración o *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- *Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.*
- *Limites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.*
- *Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.*

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación é dun 6,54% do prezo primitivo do contrato.

En data 14 de marzo de 2016, en trámite de audiencia, ó contratista mani

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento dos parques infantís e áreas biosaudables de nova creación, o cuxa superficie resultou incrementada, así como o mantemento de novo mobiliario urbano dos mesmos. Os municipios poden asumir competencias en materia de servizos relativos á promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre dos cidadáns, en virtude do disposto nos artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Nesta liña, e tal e como se desprende do informe do enxeñeiro municipal transcrito no fundamento xurídico anterior, a Administración compensará o contratista pola modificación proposta no que reste do período contractual.

*Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo,*

que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-IV-

Reaxuste de garantías

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez aprobado este, deberá notificarse ó contratista a estes efectos, para que proceda o seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo. As modificacións, nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016, consistirán en:

1. Un incremento da superficie dos parques infantís obxecto do contrato de 754,18 m², resultado da creación dos novos parques infantís de Aragón Redomeira, Teixugueiras Nº 34 e Pizarro (Urbanización), do incremento da superficie do parque infantil da Praza da Independencia e da supresión do parque infantil de Bouzas.
2. Un incremento da superficie das áreas biosaudables obxecto do contrato de 3054,32 m², resultado da creación das novas áreas de P.B. Samil, P.B. Aragón, P.B. Praia de Sta Baia, P.B. Alameda de S. Pelaio de Navia, P.B. Rúa Moaña, P.B. Polideportivo Berbés, P.B. Pizarro, P.B. Mestre Montes, P.B. Barrio das Flores, P.B. Mondariz, P.B. Alameda Andrés Gaos, P.B. Balaídos Lagares, P.B. Relfas, P.B. Independencia, P.B. Mercado-Toural de Abaixo, P.B. Centro Cultural Becerreira, P.B. A. VV Beade, P.B. Capela do Vao; e do incremento da superficie dos P. B. Pablo Iglesias e P. B. Parque de Castrelos.
3. Un incremento de 419 Bancos.

2º.- A modificación representa un 6,54% do prezo primitivo do contrato, se ben o primeiro 5 % non afectará ó prezo do mesmo, segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas e 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares. Compensarase ó contratista por mor desta modificación cos importes reflectidos na seguinte táboa:

<i>Ano de aplicación</i>	<i>Período</i>	<i>Importe</i>
<i>Ano 2016</i>	<i>Do 1 de Marzo a 31 de decembro</i>	<i>5.746,90</i>
<i>Ano 2017</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i>	<i>6.896,28</i>
<i>Ano 2018</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 31 de decembro</i>	<i>6.896,28</i>
<i>Año 2019</i>	<i>Do 1 de xaneiro a 30 de Abril</i>	<i>2.298,76</i>
<i>Total</i>		<i>21.838,22</i>

No caso que a modificación se formalice con posterioridade ó 1 de marzo, reaxustarase o importe correspondente ó ano 2016 (5.746,90 €), o cal imputarase á partida 1710-227.99.02.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(442).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO. EXPTE. 3494/440.

Dáse conta do informe-proposta do 10.05.16, do xefe da Oficina Administrativa de Contratación e secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 4 de maio de 2016, acordou:

5.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“ Primeiro: tomar razón dos acordos da Mesa de Contratación, polos que se excluiron as ofertas presentadas por El Corte Inglés, S.A., para o lote 1, 2, e 4 , Peycar Pontevedra S.L.par os lotes 2, 3, 4 e 5 e Costa Oeste del Atlántico, S.L., para os lotes 1, 2, e 3 por non cumprir as prendas ofertadas as características esixidas nos pregos e na lexislación vixente.

Segundo: Declarar desertos os lotes 2 e 3 por que as prendas ofertadas non cumpren as características esixidas no prego de prescricións técnicas.

“Terceiro- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no Procedemento aberto para a contratación da subministración de

vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).” no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:

Lote 1: Peycar Pontevedra, S.L.: 100 puntos.

Lote 2: Costa Oeste del Atántico S.L.: 96 puntos.

Lote 3: Costa Oeste del Atántico S.L.: 99 puntos.

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes Peycar Pontevedra, S.L.e Costa Oeste del Atántico S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir a aboamento de 252,59 a Peycar Pontevedra, S.L. e 505,17 euros a Costa Oeste del Atántico S.L. en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(443).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO DENOMINADO “HOLI RUN 3RD EDITION” O VINDEIRO DOMINGO 15 DE MAIO DE 2016. EXPTE. 14852/333.

Dáse conta do informe-proposta do 06/05/16, do director deportivo-xefe da Unidade técnico deportiva, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A empresa A 38 Servicios Plenos S.L. con CIF (B-86625464), solicitou o día 17-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150146609), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: HOLI RUN 3RD EDITION*
- *Data: 15 DE MAIO DE 2016*
- *Horario: 11.00h A 15.00h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento que terá lugar o domingo 15 de maio de 2016; a proba comezará ás 11.00h e remataña ás 15.00h: a carreira se levará a cabo na Avda de Samil, dende o cruce coa rúa Río e Canido ata Camiño Forte preto a Avda. Atlántida.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil.
- Limpeza
- Montes, parques e Xardíns

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á empresa A 38 Servicios Plenos S.L. con CIF (B-86625464), a organizar o vindeiro domingo 15 de maio de 2016, a proba denominada HOLI RUN 3RD EDITION, a proba comenará ás 11.00h e rematará ás 15.00h, a carreira terá lugar na Avda de Samil, dende o cruce coa rúa Río e Canido ata Camiño Forte preto a Avda. Atlántida.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(444).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “V CARREIRA DA CEREIXA” O VINDEIRO 22 DE MAIO DE 2016. EXPTE. 14851/333.

Dáse conta do informe-proposta do 07/05/16, do director deportivo-xefe da Unidade técnica deportiva, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Agrupación AVCU-CSCR DE BEADE, con CIF (G-36632081), solicitou o día 30-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150153669), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: V CARREIRA DA CEREIXA
- Data: 22 DE MAIO DE 2016
- Horario: 09.00h A 14.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 22 de maio de 2016; esta proba comezará ás 10.30Hh e terá a súa saída dende o CSCR de BEADE: a carreira percorrerá pola Carretera Coutada, Ramiro Pascual, Carretera da Venda, Estrada do Porto para rematar no CSCR onde se atopará a meta.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3-PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a AVCU-CSCR DE BEADE, con CIF (G-36632081), a organizar o vindeiro domingo 22 de maio 2016, a proba denominada V CARREIRA DA CEREIXA, esta proba deportiva comenará ás 10.30h, tendo a súa saída dende o CSCR de BEADE: a carreira percorrerá pola Carretera Coutada, Ramiro Pascual, Carretera da Venda, Carretera do Porto para rematar no CSCR onde se atopará a meta.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(445).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS, TÉCNICOS, AUXILIARES E DOCENTES COMPLEMENTARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DAS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E OS XIMNASIOS DE TRAVESAS E O BERBÉS. EXPTE. 14892/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/05/16 e o informe de fiscalización do 10/05/16, dáse conta do informe-proposta do 09/05/16, do director-deportivo e xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-

delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

O Pleno do Concello de Vigo do pasado 26 de outubro de 2015, aprobou a modificación da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de Deportes a través do Instituto Municipal dos Deportes. Con efectos, de data do 1 de xaneiro de 2016, os devanditos servizos pasaron a ser xestionados directamente na modalidade de "xestión polo propio Concello de Vigo", xa que na citada data, procedeuse á extinción do organismo autónomo "Instituto Municipal dos Deportes".

En relación co citado acordo, o apartado "quinto" indica que "o Concello de Vigo subrogarase con efectos do 1 de xaneiro de 2016, na totalidade dos dereitos e obrigas que poidan derivarse do contratos, convenios e calquera outro negocio xurídico de calquera natureza no que existe participación dos entes instrumentais extinguidos... ", a resultas do cal, o Concello de Vigo atópase subrogado ao acordo da Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes, que en sesión ordinaria realizada o día 6 de maio de 2015, entre outros asuntos acordou "Aprobar a prorroga do vixente contrato de prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios das instalacións municipais de Berbés e Travesas dependentes do IMD, suscrito coa UTE VIGO PISCINAS (U27805944), polo período comprendido entre o 1 de setembro de 2015 ao 31 de agosto de 2016, nas condicións previstas no devandito contrato e de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobadas por acordo da Xunta Reitora do IMD de data 13 de xuño de 2014" e recollidos no expediente administrativo 2610/11.

Polo exposto, tendo en conta as obrigas derivadas das propias competencias municipais e de acordo coas competencias da Área de Deportes, recollidas no decreto de delegación de competencias asinado polo Alcalde de Vigo con data 19 de xuño de 2015, aprobado pola Xunta de Goberno Local na mesma data, correspóndelle a Área de Deportes, entre outras cuestións: "Dirixir e xestionar as actuacións necesarias para o mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais", e preciso proceder a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios das instalacións municipais de Berbés e Travesas.

Así mesmo, o Pleno do Concello de Vigo de data 29/02/2016, aprobou a proposta do expediente 14838/333 "DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DAS PISCINAS CUBERTAS MUNICIPAIS DAS TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E O XIMNASIO DO BERBES". Os acordos do citado expediente contemplan as seguintes propostas:

PRIMEIRO: declarar expresamente, que as actividades das instalacións deportivas das "piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares" e o ximnasio do Berbes, sexan asumidas pola Administración municipal do Concello de Vigo, como servizo público municipal dependente da Concellería de Deportes.

SEGUNDO: determinar que a forma de xestión do servizo público das instalacións deportivas das “piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o Ximnasio do Berbés”, integrado polas actuacións das obras de remodelación e modernización e a xestión integral destas instalacións, se realice mediante “xestión indirecta a través de un contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra”.

TERCEIRO: instar á Concellería-delegada de Deportes á realización das actuacións previas, co obxecto de establecer o réxime xurídico básico dos servizos públicos municipais que se desenvolven e prestan nestas instalacións “piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o Ximnasio do Berbes”.

CUARTO: instar á Concellería-delegada de Deportes, á elaboración dun anteproxecto de explotación co contido indicado no artigo 129.2 do TRLCSP e outro correspondente as obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización.

QUINTO: instar á Concellería-delegada de Deportes ao inicio do expediente de contratación necesario para garantir a continuidade dos servizos que actualmente se prestan baixo o contrato de prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios das instalacións municipais de Berbés e Travesas, no período transitorio dende a finalización prevista para o actual contrato -31 de agosto de 2016- e a adxudicación do novo contrato de “xestión indirecta a través de un contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra”.

Para a execución deste contrato, procédese de acordo coa orde de inicio do concelleiro-delegado de Deportes de data 902/2016, para comezar o correspondente expediente de contratación.

No expediente, inclúese a seguinte documentación:

- O Prego de Prescricións Técnicas Particulares, redactado polo director deportivo-Xefe Unidade Técnica, con data 26/04/2016.*
- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do Servizo de Contratación, con data 6/05/2016.*
- Informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 6/05/2016.*

2.- Condicións definatorias do contrato.

Destacan as seguintes:

1º.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente, contempla a contratación da prestación dos servizos técnicos docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas deportivas, o servizos de socorrismo, atención e control dos usuarios, así como os de limpeza, conservación, mantemento e vixianza, nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares así como a prestación dos servizos de profesionais técnico docentes, monitores e profesores para impartir distintas ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios das instalacións municipais do Berbés e Travesas, así como o mantemento das máquinas de

actividade físico-deportiva dos Ximnasios, que de forma xeral se identifican nos seguintes apartados:

- Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés.
- Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios.
- Complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor; atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo.

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", atópanse xustificadas na memoria de xustificación de necesidade, anexa a este expediente e asinada con data 3 de febreiro de 2016 e tamén no "prego de prescricións técnicas particulares (PPTP)" que forma parte deste expediente.

En relación o obxecto do contrato e importante destacar a condición de unificación nun único contrato da totalidade dos servizos mencionados, os cales conforman en si mesmo unha unidade de xestión, xa que os mesmos teñen na súa operatividade unha complementariedade necesaria e moi difícil de individualizar para garantir o correcto funcionamento dos servizos que prestan ditas instalacións. Así mesmo a unión nun único contrato das diversas instalacións, responde a necesidade de garantir unha unidade de xestión homoxénea, xa que por un lado en relación os usuarios, estes poderán facer uso indistintamente das instalacións, e no ámbito da operatividade da xestión, e ineludible a conformación dun conxunto entre todas as instalacións co obxectivo de atopar unha capacidade de xestión mais eficiente, buscando a compatibilidade da existencia de servizos compartidos entre as mesmas, o cal posibilitará unha maior capacidade de xestión. Estas cuestións fundaméntanse como indicadores de mellora da xestión que orientan e xustifican a non considerar oportuno a división en lotes do obxecto deste contrato.

O presente contrato, atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O contrato, polo seu obxecto, será u contrato de servizos, previsto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

2º.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

Está suxeito a regulación harmonizada segundo o art.4 da Directiva Europea de Contratación 2014/24 UE e é susceptible de recurso especial en materia de contratación, segundo o previsto no artigo 40.1.b) do TRLCSP.

3º.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, a determinación do orzamento base de licitación deste contrato establece en base os seguintes aspectos:

- Parte fixa do contrato sobre os servizos relativos ó funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato : Atendendo os custes derivados deste apartado estimase como orzamento base para a licitación deste contrato o seguinte importe máximo:

Importe anual: 2.154.867,59 € sen IVE, o cal lle corresponde como IVE (21%) un importe de 452.522,19 € o cal totaliza un importe de 2.607.389,78 € con IVE (21%).

- Parte variable do contrato sobre os servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos: Atendendo os custes derivados deste apartado estimase como orzamento base para a licitación deste contrato o seguinte importe máximo:

Importe sen IVE, hora monitor/a –profesor/a: 17,60 €, ata un importe total máximo de horas a facturar nun ano de 774.400,00 € sen IVE, o cal lle corresponde como IVE (21%) de 162.624,00 € o cal totaliza un importe de 937.024,00 € con IVE (21%), correspondéndose este total de horas nunha estimación máxima de 44.000 horas ano.

- Orzamento base de licitación total

Importe anual da totalidade do contrato estimase en 2.929.267,59 € sen IVE, e un importe correspondente o ive (21%) de 615.146,19 € o cal totaliza un importe de 3.544.413,78 € con IVE (21%)

O valor estimado do contrato estipulase en CINCO MILLON OITOCENTOS CINCUENTA E OITO MIL CINCOCENTOS TRINTA E CINCO CON DAZAOITO CENTIMOS -5.858.535,18 €.).

4º.- Financiamento do contrato:

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

B219	Enriquez De Sala- manca Yosi	Ines	53190753X	IES S Tome Freixeiro	3	600	50
B227	Garcia Heras	Natalia U.	39512089K	IES Castelao	3	600	51
B204	Arias Perez	Raquel	39464255G	IES Alvaro Cunqueiro	3	600	52
B207	Fernandez Izquierdo	Xiana	39466440G	IES do Castro	3	600	53

EXPT	APELIDOS	NOME	DNI	CENTRO ESCOLAR	PTOS	ACHEGA	POSTO
B037	Lago Sobradelo	Raul	53198670S	IES Coruxo	2	EXENTO	54
B144	Alvarez Lopez	Marta	54229501D	IES Politecnico	2	EXENTO	55
B295	Vilas Gonzalez	Ana Sol	39485634Q	IES A Guia	2	EXENTO	56
B027	Ramos Barciela	Andrea	54229281L	IES Teis	2	EXENTO	57
B246	Cabadas Magaz	Sara	39467838E	IES ROU	2	EXENTO	58
B131	Lopez Fernandez	Andrea	53198863R	IES Beade	2	EXENTO	59
B217	Arias Lopez	Laura	53859124R	IES S Tome Freixeiro	2	EXENTO	60
B109	Campos Lorenzo	Laura	39486956G	IES Politecnico	2	EXENTO	61
B063	Berridy Segade	Luisa	39490881L	IES Rosais 2	2	EXENTO	62
B285	Sanmartin Garcia	Marta	39498830X	IES do Castro	2	EXENTO	63
B115	Bugarin Villar	Alba	39495188W	IES Politecnico	2	EXENTO	64
B303	Iglesias Carballeira	Sandra	39460199L	IES Politecnico	2	EXENTO	65
B031	Lage Comesaña	Claudia	39487296E	IES Beade	2	EXENTO	66
B155	Garcia Perez	Alba	39491538D	IES Castela	2	EXENTO	67
B048	Comesaña Comesaña	Noemi	53976026V	IES do Castro	2	EXENTO	68
B113	Estevez Sousa	Lucia	39463836E	IES Alvaro Cunqueiro	2	EXENTO	69
B012	Miranda Alonso	Elisabeth	53817971H	IES Beade	2	EXENTO	70
B058	Alonso Carballo	Daniel	39498617G	IES Carlos Casares	2	EXENTO	71
B086	Costas Viana	Maria	53191653J	IES Coruxo	2	EXENTO	72
B264	Alonso Garcia	Vanesa	53195600G	IES Politecnico	2	EXENTO	73
B183	Iglesias Silva	Beatriz	53818056B	IES Politecnico	2	EXENTO	74
B186	Couto Meiriño	Manuel	53817638F	IES A Guia	2	EXENTO	75
B158	Gonzalez Perez	Lara	53973297W	IES Beade	2	EXENTO	76
B126	Gonzalez Rodriguez	Laura	53817863W	IES Santa Irene	2	EXENTO	77
B302	Verez-Fraguela Cerderia	Sofia	53195679Z	IES S Tome Freixeiro	2	EXENTO	78
B280	Gonzalez Falque	Laura	35610483C	IES Alvaro Cunqueiro	2	EXENTO	79
B232	Alonso Caamaño	Paula	53199954B	IES Politecnico	2	240	80
B069	Soliño Gandara	Iria	39491429S	IES Alvaro Cunqueiro	2	240	81
B091	Garriga Martinez	Carlos	39492965X	IES Carlos Casares	2	240	82
B238	Lopez Iglesias	Angela	54232362H	IES Ricardo Mella	2	240	83
B278	Gonzalez Lede	Ricardo M.	39511531S	IES Castela	2	240	84
B047	Saldaña Morquillas	Maria	53821765V	IES Rosais 2	2	240	85
B178	Cabaleiro Fernandez	Laura	36173248K	IES Politecnico	2	240	86
B067	Sanchez Sestelo	Paula	53198350V	IES Carlos Casares	2	240	87
B283	Taboada Saco	Arame	Y1164992X	IES Coruxo	2	240	88
B080	Docampo Alonso	Anxo	53973584J	IES Beade	2	240	89
B223	Castiñeira Pajaro	Ana	54381712Y	IES ROU	2	240	90
B212	Pardo Moreno	Claudia P.	39456235B	IES do Castro	2	240	91
B214	Amiama Costas	Martiño	39457474P	IES A Guia	2	360	92
B055	Rodriguez Martinez	Carla	39496557Z	IES Carlos Casares	2	360	93
B193	Vazquez Prieto	Alba	39451392K	IES Rosais 2	2	360	94
B281	Barreiro Oliveira	Irene	39493247Q	IES Alvaro Cunqueiro	2	360	95
B092	De la Fuente Garcia	Antia	53859003H	IES S Tome Freixeiro	2	600	96
B030	Hermida Nuñez	Candela	53193227T	IES do Castro	2	600	97
B075	Sanchez Pallares	Sandra	39496717J	IES Politecnico	2	600	98
B262	Cordeiro Sobrino	Marcos	39468143M	IES do Castro	2	600	99
B146	Perez Alonso	Marta	53819698C	IES Santa Irene	2	600	100
B043	Vieira Ruiz	Jaime	28848117E	IES S Tome Freixeiro	2	600	101
B195	Cabeza Alfaro	Carlos	39511741H	IES S Tome Freixeiro	2	600	102

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	CENTRO ESCOLAR	PTOS	ACHEGA	POSTO
B008	Gaona Gonzalez	Alejandro	39462101N	IES do Castro	2	600	103
B253	Vila Guarin	Andrea	53198887W	IES Alexandre Boveda	2	600	104
B132	Corredera Perez	Raul	39497639S	IES Alexandre Boveda	2	600	105
B165	Carrera Fernandez	Salome	39490740Q	IES Carlos Casares	2	600	106
B154	Fernandez Estevez	Belen	39513306L	IES Castelao	1	EXENTO	107
B166	Gambino Perez	Nicolas	53199270V	IES Alvaro Cunqueiro	1	EXENTO	108
B266	Alonso Paz	Sonia	53196889M	IES Alexandre Boveda	1	EXENTO	109
B272	Vidal Soto	Nerea	53859518G	IES Castelao	1	EXENTO	110
B291	Diaz Lamas	Laura	53820316V	IES Ricardo Mella	1	EXENTO	111
B001	Rodriguez Silva-Fernandez	Laura	53199034B	IES Rosais 2	1	EXENTO	112
B194	Rodriguez Lloves	Alba	39452041A	IES S Tome Freixeiro	1	EXENTO	113
B002	Barbosa Rodriguez	Uxia	39459338D	IES Rosais 2	1	EXENTO	114
B124	Prieto Dominguez	Jael	39495040S	IES Politecnico	1	EXENTO	115
B120	Fraga Perez	Enrique	53196712N	IES Alvaro Cunqueiro	1	EXENTO	116
B226	Francisco Rial	Uxia	54229486V	IES Politecnico	1	EXENTO	117
B273	Lopez Pereira	Lara	39512719F	IES A Guia	1	EXENTO	118
B103	Luis Barrera	Iria	53819202F	IES S Tome Freixeiro	1	EXENTO	119
B171	Rodriguez Covelo	Diego	53976056R	IES Alvaro Cunqueiro	1	EXENTO	120
B279	Cerqueira Atares	Tirso	77547044Z	IES Rosais 2	1	EXENTO	121
B036	Gonzalez Cartea	Antia	53199750Z	IES Politecnico	1	EXENTO	122
B076	Izquierdo Gonzalez	Cristina	53192241A	IES Castelao	1	EXENTO	123
B106	Rodriguez Gomez	Ariana	39451977P	IES Santa Irene	1	EXENTO	124
B300	Failde Conde	Mª Isabel	39496913W	IES Rosais 2	1	240	125
B159	Rodriguez Mendez	Maria	39466640C	IES Carlos Casares	1	240	126
B090	Soto Rodriguez	Estela	53191423J	IES Alvaro Cunqueiro	1	240	127
B066	Guillan Garcia	Oscar	34273639M	IES do Castro	1	240	128
B222	Fernandez Buceta	Ana	39511634A	IES do Castro	1	240	129
B176	Perez Fernandez	Nuria	53821131G	IES Castelao	1	240	130
B197	Pereira-Pinto Vazquez	David	39494946J	IES S Tome Freixeiro	1	240	131
B035	Vazquez Llerena	Javier	53859556L	IES S Tome Freixeiro	1	360	132
B032	Gutierrez Roman	Martin	77545902E	IES Santa Irene	1	360	133
B033	Fernandez Abalde	Ines	39464678J	IES Beade	1	360	134
B275	Lage Carmueja	Maria	39459846B	IES Alexandre Boveda	1	360	135
B235	Ferreiro Lopez	Oscar	39493463W	IES Rosais 2	1	360	136
B057	Muñoz Gonzalez	Maria	39469506B	IES ROU	1	600	137
B096	Davila Varela	Sergio	53193712A	IES Santa Irene	1	600	138
B240	Gomez Gonzalez	Alvaro	39488716Q	IES S Tome Freixeiro	1	600	139

- Proposta de lista de agarda para alumnado de 2º BACH da rede privada do Programa Vigo en Inglés 2016:

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	CENTRO ESCOLAR	PTOS	ACHEGA	POSTO
B218	Menor Suarez	Ignacio	77014584G	Compañía de Maria	2	600	1
B268	Jimenez Lomo	Alberto	39494218K	Compañía de Maria	2	600	2
B293	Ferrer Moure	Clara	39468136K	Miralba	2	600	3
B215	Pereira Agulla	Monica	53817271P	Mariano	1	240	4
B112	Chapela Vila	David	35600572E	Apostol Santiago	1	600	5
B206	Acosta Virzi	Paloma	39485990G	San Miguel 2	1	600	6

3º.- Denegar as prazas solicitadas polo alumnado de 2º BACH seguinte, por non cumprir os requisitos sinalados a continuación:

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	CENTRO ESCOLAR	MOTIVO
B247	Alonso Perez	Sara	35587225S	IES Ricardo Mella	B
B128	Duran Abreu	Martin	53191159W	IES Beade	A
B229	Gonzalez Gonzalez	Adrian	39467353C	IES Politecnico	A
B019	Lago Diaz	Alberto	39463872N	IES S Tome Freixeiro	A
B261	Lopez Peduto	Melanie Lucia	15493866P	IES Ricardo Mella	A
B282	Perez Fernandez	Josue	53199173W	IES Beade	A
B286	Vidal Rajoy	Alvaro	53821439j	IES Alexandre Boveda	A
B299	Zapatero Varela De Lira	Isabel	39493664L	IES Rosais 2	C

**Motivos de exclusión:*

A: Non cumprir o requisito recollido no punto 3.1.3 da convocatoria extraordinaria do Programa Vigo en Inglés 2016: " Ter obtivo como mínimo unha nota de 6 na materia de Lingua Inglesa nas calificacións finais de 1º de Bacharelato".

B: Non cumprir o requisito recollido no punto 3.1.4 da convocatoria extraordinaria do Programa Vigo en Inglés 2016: Estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 01/01/2016.

C: Non cumprir o requisito recollido no punto 4º da convocatoria extraordinaria do Programa Vigo en Inglés 2016, que indica que o prazo para a presentación de solicitudes será do luns 15 de febreiro ao venres 26 de febreiro de 2016, ambos inclusive.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(447).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2016. EXPTE. 12763/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/05/16, dáse conta do informe-proposta do 22/04/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo secretario de Admón. Municipal, polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dando continuidade a súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo, cara á inserción laboral para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial quere por en marcha a convocatoria de "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" para este ano 2016.

En canto a competencia para actividade de fomento de emprego, que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, a Comunidade Autónoma de Galicia, que ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27.2 do Estatuto, aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indicando na súa exposición de motivos que o eixe fundamental da lei debe seguir sendo o artigo 2.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril (LBRL), que na súa redacción actual derivada da reforma da Lei 27/2013, continúa facendo referencia a que para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e, como engade agora a reforma, con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade coa Sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989, do 21 de decembro, que expresa que a función constitucional encomendada ao lexislador estatal é a de garantir os mínimos competenciais que dotan de contido e efectividade á garantía da autonomía local, xa que non se descende á fixación detallada de tales competencias, pois o propio Estado non dispón de todas elas. Por iso é polo que esa ulterior operación quede deferida ao lexislador competente por razón da materia.

A mencionada Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, establece no seu artigo 3.3, apartado b), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores en Desenvolvemento Local e Emprego, e na disposición adicional primeira que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio; neste sentido compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Nas presentes bases reguladoras e convocatoria para o ano 2016, co obxectivo de completar esta acción de fomento de emprego se ofrecen dúas modalidades de axuda:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos): como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiránse ás

empresas, independentemente da súa forma xurídica, que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende o 1 de xaneiro e ata o 31 de xullo de 2016, a persoas novas menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións): nesta modalidade, as axudas dirixiránse ás empresas, independentemente da súa forma xurídica, que contraten, a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Comprenderá as contratacións que se realicen dende o 1 de xaneiro e ata o 31 de xullo de 2016 e requerirá, con anterioridade á contratación, a selección da persoa a contratar a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

O procedemento de concesión destas modalidades de subvención tramitaráse en réxime de concurrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concurrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

En síntese, esta convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial atención ao colectivo dos xóvenes que é un dos colectivos máis débiles no mercado laboral ou con maior dificultade de acceso ao mesmo. Atendendo ás taxas de actividade e á experiencia da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, defínense os seguintes colectivos preferentes, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego (mulleres, persoas con discapacidade e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social). Neste sentido as contías das axudas valora cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Para a convocatoria do ano 2016 destas "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" destínase un montante total de 100.000,00€ (cen mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

- Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de 30.000,00€ (trinta mil euros) que se farán*

efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

- Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de 70.000,00€ (setenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

Conforme a Resolución do 10/12/2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que establece no seu apartado Cuarto, "Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente", para o cumprimento do mesmo e conforme a información contida no documento de preguntas máis frecuentes da IGAE, se ten procedido a elaborar unha convocatoria, as bases reguladoras e un extracto da mesma nas linguas española e galega.

A obrigada regulamentación para a concesión das citadas axudas pasa pola aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

Por todo o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, solicítase da Xunta de Goberno Local, previo informe do Secretario de Administración Municipal e da Intervención Xeral respecto do crédito necesario para asumir o gasto, a adopción da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2016, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente no Anexo I.

2. Aprobar o gasto por importe total de 100.000,00 € (cen mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700000 "Plan de Emprego Xuvenil" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio presupuestario do ano 2016.

3. Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa" en:

–A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

–As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO
DA MOCIDADE VIGUESA 2016

Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca o programa de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" no marco da actuación municipal para o ano 2016, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)
- B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

Segundo. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, distintas da administración pública que soliciten axuda para:

A) Programa Indefinidos, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2016 realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

B) Programa Contratacións, que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do Servicio Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2016, e requirirá con anterioridade á contratación a presentación da solicitude da/s persoa/s traballadora/s a contratar ante o Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante o Servicio Público de Emprego de Galicia (SPEG).

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como

acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2015.

- As empresas verán incrementada ou disminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais

Terceiro. Réxime da convocatoria

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de 100.000,00 € (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de 30.000,00€ (trinta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de 70.000,00€ (setenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 24110 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

Unha vez esgotado o crédito presupostario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de disponibilidad presupostaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do

art. 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e rematará o 10 de agosto de 2016.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación
O Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego será o encargado de avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os/as técnicos/as do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de seis meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será publicada no taboleiro de edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na páxina web do concello www.vigo.org e poderáse notificar de xeito individual ao solicitante.

Oitavo. Criterios de valoración

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria, e exista crédito presupostario para iso.

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaránse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicaráselle conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO
DA MOCIDADE VIGUESA 2016

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de dd/mm/aaaa, polo que se convocan as Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa para o ano 2016.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, distintas da administración pública que soliciten axuda para:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos), que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2016 realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións), que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do Servicio Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen dende o inicio do prazo de presentación de solicitudes destas axudas ata o 31 de xullo de 2016, e requirirá con anterioridade á contratación a presentación da solicitude da/s persoa/s traballadora/s a contratar ante o Servicio de

Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante o Servicio Público de Emprego de Galicia (SPEG).

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadroamento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2015.*
- As empresas verán incrementada ou disminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.*
- Consideraránse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais*

Segundo. Obxecto

Mediante o presente acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" no marco da actuación municipal para o ano 2016, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)*
- B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)*

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de 100.000,00 € (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

- A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de 30.000,00€ (trinta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.*
- B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de 70.000,00€ (setenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 24110 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.*

Unha vez esgotado o crédito presupostario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade presupostaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e rematará o 10 de agosto de 2016.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaránse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2016

INDICE

BASE 1ª. OBXECTO

BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A. PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)

- a.1. Beneficiarios
- a.2. Requisitos
- a.3. Tipos e contías da axuda
- a.4. Obrigas
- a.5. Alteración das condicións de concesión/tramitación
- a.6. Solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación
- a.7. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

B. PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓN)

- b.1. Beneficiarios
- b.2. Requisitos
- b.3. Tipos e contías da axuda
- b.4. Obrigas
- b.5. Alteración das condicións de concesión/tramitación
- b.6. Solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación
- b.7. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

BASE 3ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

BASE 4ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

BASE 6ª. PUBLICIDADE

BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I. SOLICITUDE

ANEXO II. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

ANEXO III. DECLARACIÓN XURADA DE NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS

ANEXO IV. AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR INFORMACIÓN DO PADRÓN DA/S PERSOA/S POLA/S QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ANEXO V. OFERTA DE EMPREGO

ANEXO VI. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ANEXO VII. INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLO CONCELLO DE VIGO

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2016

BASE 1ª. OBXECTO

A presente disposición establece as bases reguladoras e a convocatoria do programa de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" no marco da actuación municipal para o ano 2016, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)*
- B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)*

BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A) PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)

a.1. Beneficiarios

Poderán solicitar estas axudas entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, distintas da administración pública e entidades sen ánimo de lucro e comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2016 realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2015.

As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica no punto a.3.

a.2. Requisitos

a.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

a.2.2. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (agás os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

a.2.3. Acreditar no momento da solicitude a transformación da contratación temporal en indefinida de persoas mozas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2015.

a.2.4. A condición de idade menor de 30 anos deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

a.2.5. Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

a.2.6. No caso de transformacións de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será a tempo completo (excepto as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo, que poderá ter unha duración inferior á xornada a tempo completo en cómputo anual).

a.2.7. Nos supostos de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual ao do contrato que se transforma e sempre que teñan unha duración mínima igual ou superior a 20 horas semanais.

a.2.8. Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo.

Na data límite de presentación da solicitude deberase cumprir o requisito a.2.4, a.2.7 e a.2.8 deste apartado; o seu incumprimento dará lugar á denegación da axuda, sen máis trámite.

Previo á data límite de presentación da solicitude desta axuda, será o solicitante quén de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administración estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En todo caso, o Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

a.3. Tipos e contías da axuda

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO	CONTÍA ⁴
Persoa traballadora, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ²	
• Muller	500,00 €
• Vítima de violencia de xénero ³	500,00 €
Importe Máximo Total	3.000,00 €

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 01/10/2015. A idade menor de 30 anos deberá concurrir no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

(2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(3) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

(4) No caso de contratos a tempo parcial practicarase unha redución proporcional, respecto á xornada laboral habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda e teran unha duración igual ou superior a 20 horas semanais.

a.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademáis das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as que seguen:

a.4.1. Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos especificados no apartado a.3 para o incremento da axuda.

a.4.2. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, e sempre antes da data límite de presentación da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria

(AEAT) e coa Seguridade Social. O solicitante será quen de manter esta acreditación en vigor ao longo do proceso da tramitación da solicitude e da xustificación da axuda concedida, se é o caso.

a.4.3. Non ter débedas co Concello de Vigo no momento da solicitude da axuda. O solicitante será quen de manter esta situación ao longo do proceso de tramitación da solicitude e da xustificación da axuda concedida, de ser o caso.

a.4.4. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

a.4.5. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se concedeu a subvención. No caso de incremento da devandita xornada, con suxeción ao establecido na lexislación laboral e de acordo cos límites establecidos na base 2ª, apartado a.5 destas Bases reguladoras e convocatoria, deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, polo menos, a xornada inicialmente pactada para o traballador ou traballadores substitutos.

a.4.6. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

a.4.7. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dun ano desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.5.

a.4.8. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

a.4.9. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

a.4.10.- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

a.4.11. O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

a.5. Alteración das condicións de concesión

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída, de non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada, dentro dos quince días naturais seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de

Emprego e/ou polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que, desde o Servizo Público de Emprego de Galicia como desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, non se subministrara persoa algunha como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.

A nova contratación deberá ser comunicada ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

- DNI da persoa contratada substituta.*
- Declaración responsable da causa da extinción contractual da persoa traballadora contratada inicialmente.*
- Baixa da persoa contratada inicialmente.*
- Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.*
- Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.*

a.6. Solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación

a.6.1. Solicitude e documentación

As solicitudes achegaranse, segundo modelo normalizado (Anexo I) e terán que ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada, agás o DNI, de ser o caso, compulsárase no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do concello – 4ª planta), cuberta e asinada:

Documentación relativa á empresa:

- a) Anexo I. Ficha de solicitude.*
- b) DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.*
- c) No caso de persoas xurídicas, achegar DNI e poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.*
- d) Alta no IAE da empresa que solicita a axuda ou documento equivalente.*
- e) No caso de sociedades xa constituídas, copia da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.*
- f) Anexo II. Ficha de solicitude de transferencia bancaria.*
- g) Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.*
- h) Anexo III. Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada.*
- i) Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á transformación do contrato*

temporal a indefinido para o que se solicita a subvención. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).

Documentación relativa a cada traballador/a:

- a) DNI da/s persoa/s traballadora/s pola/s que se solicita a subvención.*
- b) Contrato de traballo no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego ao a beiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.*
- c) Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados na base 2ª, apartado a.3. destas bases e convocatoria.*
- d) Volante de empadramento da/s persoa/s traballadora/s ou achegarase Anexo IV cos datos necesarios para a súa obtención.*

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base a.6, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días naturais, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

a.6.2. Lugar e prazo de presentación

As solicitudes segundo modelo normalizado (Anexo I) e a documentación complementaria dirixiránse á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos e presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e ata o 10 de agosto de 2016.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

a.7. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de seis meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta

poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicaráse no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org e poderáse notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da documentación seguinte como xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

- *Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á concesión da axuda. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).*
- *Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social. Non serán necesarios de continuar vixentes os certificados presentados con anterioridade.*
- *As entidades beneficiarias deberán presentar unha comunicación individualizada por cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos costes derivados da súa contratación, do cal se remitirá copia asinada polo/a beneficiario/a ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no momento da xustificación (Anexo VII).*
- *Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da súa adecuada xustificación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

B) PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓNS)

b.1. Beneficiarios

Poderán solicitar estas axudas empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública e entidades sen ánimo de lucro e comprenderá a contratación por conta allea, de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días (segundo a súa Vida Laboral).

Esta modalidade comprenderá as contratacións que se realicen no período comprendido dende o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2016 e requirirá con anterioridade á contratación a presentación da solicitude da/s persoa/s traballadora/s a contratar ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2015.

As empresas verán incrementada ou disminuída a contía da axuda segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica no punto b.3.

b.2. Requisitos

b.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b.2.2. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

b.2.3. As persoas a contratar polo beneficiario deberán ser menores de 30 anos, desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e, ademáis, estar empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2015, e que accedan ao seu primeiro emprego ou que a súa experiencia laboral previa á contratación sexa inferior a 365 días segundo a súa Vida Laboral.

b.2.4. Solicitar as candidaturas para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, previo á súa contratación, da correspondente oferta de emprego.

b.2.5. A condición de idade menor de 30 anos da persoa traballadora pola que se solicita esta axuda deberá concurrir o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

b.2.6. As persoas traballadoras contratadas nas modalidades de prácticas ou para a formación e o aprendizaxe non poderán substituír a outras persoas traballadoras que estiveran contratadas nos tres meses anteriores na empresa baixo a mesma modalidade contractual para ocupar o mesmo posto de traballo, salvo que aquelas relacións laborais se extinguiran por acadar a dura-

ción máxima prevista na lexislación laboral de aplicación. A dita circunstancia farase constar mediante declaración responsable suscrita pola empresa solicitante.

b.2.7. Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo.

Na data límite de presentación da solicitude deberase cumprir os requisitos deste apartado; o seu incumprimento dará lugar á denegación da axuda, sen máis trámite.

Previo á data límite de presentación da solicitude desta axuda, será o solicitante quén de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administración estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En todo caso, o Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

b.3. Tipos e contías da axuda

CONTRATACIÓNS	CONTRATO 3 MESES	CONTRATO 6 MESES	CONTRATO IGUAL/ SUPERIOR A 9 MESES
Persoa desempregada, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ¹	1.500,00 €	3.000,00 €	4.500,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO²			
<ul style="list-style-type: none"> • Primeiro empregado/a da empresa • Muller • Persoa con discapacidade³ • Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social⁴ • Participante dalgún dos programas da concellería 	200,00 €	400,00 €	500,00 €
Vítima de violencia de xénero	200,00 €	400,00 €	500,00 €
Importe Máximo Total	1.900,00 €	3.800,00 €	5.500,00 €

⁽¹⁾ Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/10/2015 e durante a vixencia do contrato obxecto da subvención e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral previa á contratación sexa inferior a 365 días segundo a súa Vida Laboral. A idade menor de 30 anos deberá concorrer o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

⁽²⁾ O incremento da axuda por colectivo non será acumulativo, agás o colectivo de VVD.

⁽³⁾ A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental.

⁽⁴⁾ A pertencencia aos colectivos en risco ou situación de exclusión social deberá acreditarse de xeito documental e a dita consideración integra aos seguintes colectivos:

- 4.1. *Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.*
- 4.2. *Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.*
- 4.3. *Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.*
- 4.4. *Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.*
- 4.5. *Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.*
- 4.6. *Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.*
- 4.7. *Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex-reclusos/as.*
- 4.8. *Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.*
- 4.9. *Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.*
- 4.10. *Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.*
- 4.11. *Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.*

Nos supostos de contratacións a tempo parcial serán subvencionables os contratos a xornada parcial que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais, con redución proporcional, respecto á xornada habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda. Como caso excepcional e previa xustificación, que será avaliada pola Comisión de Valoración, poderá subvencionar contratacións cunha duración mínima inferior.

b.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as que seguen:

b.4.1. Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos xa especificados no apartado b.3 para o incremento da axuda.

b.4.2. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, e sempre antes da data límite de presentación da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social. O solicitante será quen de manter esta acreditación en vigor ao longo do proceso da tramitación da solicitude e da xustificación da axuda concedida, de ser o caso.

b.4.3. Non ter débedas co Concello de Vigo no momento da solicitude da axuda. O solicitante será que de manter esta situación ao longo do proceso de tramitación da solicitude e da xustificación da axuda concedida, de ser o caso.

b.4.4. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

b.4.5. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se concedeu a subvención. No caso de incremento da devandita xornada, con suxección ao establecido na lexislación laboral e de acordo cos límites establecidos no apartado b.5 destas Bases reguladoras e a convocatoria, deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, polo menos, a xornada inicialmente pactada para o traballador ou traballadores substitutos.

b.4.6. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

b.4.7. Nos supostos de contratos en prácticas, presentarase a titulación da persoa traballadora en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo no que conste que se está en disposición de obter a dita titulación.

b.4.8. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións do apartado b.5.

b.4.9. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

b.4.10. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

b.4.11.- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

b.4.12. O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a ésta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

b.5. Alteración das condicións de concesión

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora:

A cobertura do posto vacante deberá producirse dentro dos quince días naturais seguintes ao cese, e por un período de tempo equivalente ao que reste para a finalización do período estipulado inicialmente. No caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou pro-

cederá ao seu reintegro. Para a selección da nova persoa a contratar deberá presentarse a correspondente oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de que, desde o Servizo Público de Emprego de Galicia como desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, non se subministrara ningunha persoa como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída polo que se lle tería concedido a axuda, ou reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.

Se o traballador contratado causara baixa durante a tramitación da solicitude e con anterioridade á resolución de concesión, decaerá o dereito á solicitude presentada do solicitante da subvención e archivarase a súa solicitude, sen prexuízo de que poda presentar unha nova solicitude pola contratación doutra persoa traballadora.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

- DNI da nova persoa traballadora.*
- Declaración responsable da causa da extinción contractual da persoa traballadora contratada inicialmente.*
- Baixa da persoa traballadora contratada inicialmente.*
- Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.*
- Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.*
- Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.*

b.6. Solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación

b.6.1. Solicitude e documentación

As solicitudes achegaranse segundo modelo normalizado (Anexo I) e terán que ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada, agás o DNI, de ser o caso, compulsárase no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do concello – 4ª planta), cuberta e así-nada:

- a) Anexo I. Ficha de solicitude.*
- b) DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.*
- c) No caso de persoas xurídicas, achegar DNI e poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.*
- d) Alta no IAE da empresa que solicita a axuda ou documento equivalente.*
- e) No caso de sociedades xa constituídas, copia da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.*
- f) Anexo II. Ficha de solicitude de transferencia bancaria.*
- g) Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.*

- h) *Anexo III. Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada.*
- i) *Anexo V. Ficha de oferta de emprego do Concello de Vigo.*
- j) *Ficha de oferta de emprego presentada ante o SPEG.*
- k) *Anexo VI. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención.*

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base 2ª, apartado b.6.1, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días naturais, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

b.6.2 Lugar e prazo de presentación

As solicitudes segundo modelo normalizado (Anexo I) e a documentación complementaria dirixiránse á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos e presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e ata o 10 de agosto de 2016.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses desde a publicación do acordo. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

b.7. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de seis meses desde a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicaráse no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org e poderáse notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de conce-

sión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da documentación seguinte como xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

- a) DNI da/s persoa/s traballadora/s obxecto de contratación.*
- b) Contrato de traballo no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego ao abeiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.*
- c) Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á concesión da axuda. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).*
- d) Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).*
- e) Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.*
- f) Para os contratos en prácticas, titulación do traballador en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo no que conste que estase en disposición de obter a dita titulación.*
- g) Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto 1.4. destas bases e convocatoria.*
- h) As entidades beneficiarias deberán presentar unha comunicación individualizada por cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos costes derivados da súa contratación, do cal se remitirá copia asinada polo/a beneficiario/a ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no momento da xustificación (Anexo VII).*
- i) Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da súa adecuada xustificación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

BASE 3ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se suscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un traballador/a autónomo/a sen asalariados e contrate un só familiar menor de 30 anos que non conviva no seu fogar nen estea ao seu cargo.

- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

BASE 4ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

4.1. Instrución e tramitación das axudas

O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, será o encargado da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo, na páxina web do concello www.vigo.org e poderáse notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

4.2. Comisión de Valoración e Seguimiento.

A Comisión de Valoración e Seguimento estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.
- O xefe do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario.
- Un/Unha técnico/a do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

Os/as técnicos/as do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirle á empresa ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se concedeu a subvención.

4.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario para iso.

BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

a) Perda do dereito ao cobro

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu otorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ao reintegro total o parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

b) Renuncia

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

c) Nulidade, reintegro, infracción e sancións

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subven-

cións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

BASE 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarásese conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Estas bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitarásese na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

6.2. Publicidade das subvencións concedidas

Tódas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo e poderásese notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, no prazo de tres meses a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan pú-

blicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercer os empresarios solicitantes das axudas.

6.3. Publicidade do financiamento público.

As empresas ou entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" do Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego.

BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil do vixente orzamento do ano 2016, por un importe total de 100.000,00 € (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de 30.000,00€ (trinta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de 70.000,00€ (setenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 24110 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa á proposta da comisión de valoración e seguimento.

Unha vez esgotado o crédito presupostario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de disponibilidad presupostaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

10(448).- CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA – 2º QUENDA 2016. EXPTE. 12764/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/04/16, o informe de fiscalización do 29/04/16 e o informe do 05/05/16, do xefe do servizo conformado polo secretario de Admón. Municipal sobre o “*requisito de profesionalidade do órgano de selección*”, dáse conta do informe-proposta do 05/04/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, continua a prestar especial atención aos colectivos con maiores dificultades de integración laboral, promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Manteranse as liñas básicas de acción neste ámbito, incidindo directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellaría, entre os que destacan: as accións de mellora da: empregabilidade; a calidade do emprego; a seguridade no traballo e a redución da siniestralidade, acompañadas por: o fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.

Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará cunha nova convocatoria do Programa VIGO EMPREGA, no marco do Plan Municipal de Emprego, mantendo os esforzos reflectidos nos orzamentos municipais. Unha vez máis, esta iniciativa permitirá aos beneficiarios seleccionados, a adquisición de experiencia profesional e formación, sendo unha axuda para a súa reintegración ao mercado laboral. Esta mellora da empregabilidade materialízase no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obras e servizos públicos de interese municipal.

Esta concellaría, persegue a mellora constante e progresiva, empregando unha avaliación continua, tendo en conta os aspectos deficitarios ou mellorables, detectados en convocatorias anteriores; á vez que racionaliza os seus procedementos de traballo, mecanismos de acceso,

aproveitamento de recursos e a adaptabilidade as necesidades do mercado laboral. Este programa concretase na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo. As persoas candidatas prioritariamente pertencerán á colectivos con dificultades de inserción laboral.

Para esta nova convocatoria, mantense o procedemento de selección da anterior convocatoria, as persoas candidatas, a ser seleccionadas, serán solicitadas ás oficinas de Servicio Público de Emprego de Galicia en Vigo, para que realicen un sondeo e faciliten os precandidatos que participaran no proceso de selección.

As bases de convocatoria que regularán o procedemento de selección para a 2ª quenda do ano 2016, son as aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 22 de outubro de 2015, co número de expediente:12225/77, coa modificación nas bases de convocatoria no punto 6 onde se establecen os “requisitos profesionais, funcións e obrigas dos candidatos”, concretamente no apartado de “obrigas e funcións a desempeñar no posto de capataz de construción”.

O parágrafo 5º do punto 6, b) das bases de convocatoria, queda redactado como segue: “Serán nomeados recurso preventivo, para as obras que polas súas especiais características, requíran desa figura en cumprimento da normativa vixente. Será, en todo caso, obrigatorio para os capataces contratados, a aceptación deste extremo, como obriga ineludible, a non aceptación deste requisito conlevará a rescisión da relación laboral. Os candidatos que non acrediten a formación básica en Prevención de Riscos laborais de 60 horas, recibirán esta, como formación inicial para poder desenvolver as funcións propias do recurso preventivo”.

A modificación anterior ten como finalidade dar cumprimento ao que establece o artigo 30 da lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, a súa reforma na lei 54/2003 de 12 de decembro, de reforma do marco normativo de Prevención de Riscos Laborais e no artigo 22 do Real Decreto 39/1997 do 17 de maio onde se aproba o regulamento dos servizos de prevención, crease a figura do “recurso preventivo”, definido polo miúdo, no criterio técnico da dirección xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, nº 83/2010 sobre a presenza de recursos preventivos nas empresas e nos centros de traballo no seu punto primeiro: “supostos nos que é obrigatoria a presenza dos recursos preventivos, no seu apartado B) establece como obrigatoria “cando se realicen actividades ou procesos que reglamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais”.

O programa Vigo Emprega desenvolve obras que son susceptibles de implementar esta figura establecida por a normativa citada, por o que pretende incorporar capataces de construción, que teñan presenza constante en obras con especiais características, estos serán nomeados recursos preventivos e desempeñarán as funcións que lle son propias. O programa facilitará aos capataces de construción contratados, a formación mínima imprescindible para poder desenvolver as funcións descritas.

As Bases de Convocatoria establecen:

3. POSTOS DE TRABALLO.

Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA 2ª quenda do 2016, son os de: peóns, oficiais e capataces, e persoal técnico administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de postos a seleccionar determinarase no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Os postos de traballo a convocar, son os seguintes:

Auxiliar topógrafo	Oficial carpintería de madeira	Oficial mecánica do automóbil
Auxiliar Delineante	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura
Auxiliar administrativo	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal
Capataz construción	Oficial desinfección	Peóns construción
Oficial albanelería	Oficial electricidade	Peóns xardinería- forestal
Oficial carpintería de aluminio	Oficial fontanería	

4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS.

Duración.- A duración determinada inicial estímase:

- Como máximo 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego VIGO EMPREGA.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.

- Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 1 mes de duración.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, lei 7/2007 do 12 de abril; ao Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia lei 30/1984 do 2 de agosto e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa ás persoas aspirantes.

Modalidade.- Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso, deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para a Inserción Laboral "VIGO EMPREGA" para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Retribucións.-

- As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación.
- As establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

Metodoloxía e procedemento da selección:

O sistema de selección proposto é adecuado tendo en conta o colectivo ao que se dirixe preferentemente, baseado no criterio de “necesidade social”, cara a súa inserción laboral, máis que a criterios de aptitude propios de outro tipo de programas:

–Utilízase a entrevista, que debe entenderse como un aspecto determinante para poder avanzar no proceso de selección, xa que poderá evaluarse a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, se lle informará dos condicións sociolaborais do mesmo e a comisión de valoración poderá avaliar directamente ao candidato, si ten interese no programa, si o coñece, a súa actitude na busca de emprego, etc, ver de primeira man as reaccións do mesmo e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa.

–A proba práctica, se plantexa tendo en conta as características dos postos de traballo:

–Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión, na que deberán levar cando menos 2 anos na categoría. As probas se diseñan conforme a profesión e as labores máis comúns que se teñen prevista desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

–Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sin que para o desenvolvemento das mesmas se teña experiencia práctica, en obras públicas, xardinería e limpeza.

–Nas puntuacións establecidas, priman en maior medida a avaliación obxectiva (proba práctica máximo de 4 puntos), que a máis subxectiva(entrevista máximo de 2 puntos).

Conforme establecen as bases de selección, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará e aprobará na convocatoria de selección de beneficiarios/as:

1. Relación de obras a desenvolver polo persoal do programa VIGO EMPREGA na 2ª quenda do 2016:
 - a) Vías e Obras:
 - Construción de beirarrúas en:
 - Rúa Portela – Lavadores
 - Rúa Casal – Sampaio
 - b) Policía Local:
 - Acondicionamento de vestiarios para uso do persoal da Policía Local.
 - c) Limpeza:
 - Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante desbroce de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:
 - Parroquia de Cabral.

- *Parroquia de Lavadores*
 - *Parroquias de Sampaio.*
 - *Construción dun estacionamento cuberto para maquinaria, no Parque Central.*
- d) *Parques e Xardíns:*
- *Novas praderías de cespede, resemanteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.*
 - *Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.*
 - *Eliminación de barreiras arquitectónicas.*
 - *Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.*
- e) *Educación:*
- *Acondicionamento de baños nos CEIP de Balaidos, Carballal e Carrasqueira, Lope de Vega, Seis do Nadal, Santa Tegra e Valadares -Igrexa.*
 - *Pintado peches perimetrais dos CEIP Castelao.*
 - *Acondicionamento de espazos dos CEIP ed Beade-Coutada e Frian*
 - *Construción da beirarrúa posterior do colexio Eduardo Pondal.*
 - *Acondicionamento espacio baixo rúa do Colexio Doutor Fleming.*
- f) *Parque Central de Servizos:*
- *Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.*
 - *Mantemento e arranxo de vehículos do programa.*
- g) *Emprego:*
- *Acondicionamento interior nave municipal da Florida.*
- h) *Desinfección:*
- *Apoio a campaña de desratización, desinfección e desinsectación do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización, desinfección e desratización en barrios e parroquias.*
2. *Convocatoria dos seguintes postos a contratar para o desenvolvemento do programa VIGO EMPREGA 2ª quenda do 2016.*
- a) *Peóns beneficiarios/as :*
- *Peóns de Construción. nº de postos a contratar: trinta e oito (38).*
 - *Peóns de xardinería-forestal. nº de postos a contratar: vinte e dous (22)*
- b) *Oficiais de oficios beneficiarios/as:*
- *Albaneis - nº de postos a contratar: catorce (14).*
 - *Carpinteiro aluminio– nº de postos a contratar: un (1).*
 - *Carpinteiro madeira: nº de postos a contratar: un (1)*
 - *Carpinteiro metálico- nº de postos a contratar: un (1).*
 - *Condutores - nº de postos a contratar: dez (10).*
 - *Fontaneiro - nº de postos a contratar: un (1).*
 - *Electricista - nº de postos a contratar: un (1).*
 - *Xardineiros/as forestais - nº de postos a contratar: oito (8).*

- Pintor -nº de postos a contratar: un (1)
 - Mecánico do automóvil: nº de postos a contratar:dous (2)
 - Desinfector. nº de postos a contratar: un (1)
- c) Capataces beneficiarios/as:–
- d) Capataces construción: nº de postos a contratar: cinco (5).
- e) Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:
- Auxiliar administrativo: tres(3)
 - Delineante. nº de postos a contratar:un (1)
 - Auxiliar Topografo.nº de postos a contratar: un (1)

3. Selección dos beneficiarios/as.

- a) O Concello de Vigo, solicitará as/os traballadores que correspondan, dacordo coas características recollidas nas bases mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia as características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.
- b) Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello, por iso, acordase manter as porcentaxes para a contratación das persoas beneficiarias, establecidas nas bases de selección de candidatos ao programa “Vigo Emprega”.
- c) Realizarase posteriormente a comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles e baremación das persoas candidatas ao proceso de selección, para finalmente proceder a realización de entrevistas e proba práctica.
- d) Baremación dos expedientes persoais / profesionais (Capataces e oficiais).
- e) Entrevista persoal (máximo 2 puntos)
- A entrevista, debe entenderse como un aspecto determinante para poder avanzar no proceso de selección, xa que poderá avaliarse a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e ver de primeira man as reaccións do mesmo e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa.
 - Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude e aptitude de adecuación ao programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
 - Solicitarase das persoas candidatas información sobre: a experiencia profesional previa, opinión sobre as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
 - Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraránse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
 - Sen esta calificación de “NSNM” na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.
- f) Proba práctica (máximo 4 puntos)

- *A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas donde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacioandas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.*
- *Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñanse conforme a profesión e as labores máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.*
- *Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.*
- *No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase "NSNM" e quedará excluída do proceso de selección.*
- *Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.*

Os custos totais estimados das retribucións do persoal son os reflectidos na seguinte táboa, segundo o establecido no Acordo Marco prorrogado de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de beneficiarios para o persoal técnico administrativo, capataces, oficiais de oficios e peóns:

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2ª Quenda 2016														
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Có d. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Cotización por trab/pos	Custe total estimado	Custe postos/mes	ANO 2016	SS total Postos 6 Meses	Salarios totais Postos 6 Meses
3	Auxiliar administrativo	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	32,75	272,94	818,82	1.123,21	3.369,63	20.217,78 €	4.912,92	15.304,86 €
1	Auxiliar topografo	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	37,80	321,40	321,40	1.171,67	1.171,67	7.030,03 €	1.928,41	5.101,62 €
1	Auxiliar delineante	728,80	121,47	850,27	850,27	84/a	32,75	278,46	278,46	1.128,73	1.128,73	6.772,37 €	1.670,77	5.101,60 €
5	Capataz-construción	745,24	124,21	869,45	869,45	84/d	37,80	328,65	1.643,26	1.198,10	5.990,50	35.943,02 €	9.859,55	26.083,47 €
14	Oficial albanel	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	4.499,60	1.171,66	16.403,30	98.419,80 €	26.997,59	71.422,20 €
1	Oficial electricista	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Oficial fontaneiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Of. carpintería aluminio	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Oficial carpintería metálica	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Of. desinfección	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	295,04	1.145,31	1.145,31	6.871,84 €	1.770,25	5.101,59 €
1	Of. carpintería madeira	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Of. pintor	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
2	Of. mecánica automoción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/-	32,75	278,46	556,92	1.128,73	2.257,45	13.544,71 €	3.341,54	10.203,17 €
8	Of. xardinería	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	2.360,33	1.145,31	9.162,45	54.974,69 €	14.162,00	40.812,69 €
10	Of. conducción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/-	32,75	278,46	2.784,62	1.128,73	11.287,26	67.723,55 €	16.707,69	51.015,86 €
22	Peón xardinería-Forestal	694,10	115,68	809,79	809,79	84/g	34,70	281,00	6.181,90	1.090,78	23.997,19	143.983,13 €	37.091,42	106.891,71 €
38	Peón construción	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	37,80	306,10	11.631,76	1.115,88	42.403,62	254.421,70 €	69.790,57	184.631,13 €
111									33.300,52	Mes	125.347,09	752.082,54	199.803,12	552.279,42

O prazo previsto de contratación para a 2ª quenda de 2016 será, a partir do 01 de xullo de 2016, polo que o custo total de 752.082,54 € para o ano 2016, dende o 01 de xullo ata o 31 de decembro de 2016. Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2016:

- 2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal:
 - Orzamento 2016 552.279,42 €
- 2410 16000001 "Seguridade Social Emprego:
 - Orzamento 2016 199.803,12 €

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces e persoal técnico administrativo beneficiarios/as, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar as BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO "VIGO EMPREGA, modificadas, que se achegan no Anexo I.

2. Aprobar a convocatoria de contratación de 111 traballadores, dos seguintes postos para o programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA" 2016 2ª Quenda:

- a) 3- Auxiliares administrativos*
- b) 1- Auxiliar delineante beneficiario/a.*
- c) 1- Auxiliar topógrafo beneficiario/a*
- d) 5- Capataces construción beneficiarios/as*
- e) 43 - Oficiais beneficiarios/as:*
 - 14- Oficiais albanel.*
 - 1- Oficial carpinteiro aluminio.*
 - 1- Oficial carpinteiro metálico*
 - 1- Oficial carpinteiro de madeira*
 - 10- Oficiais condutores.*
 - 1- Oficial fontaneiro.*
 - 1- Oficial electricísta.*
 - 8- Oficiais xardineiros/forestais.*
 - 1- Oficial pintor.*
 - 1- Oficial desinfector.*
 - 2- Oficiais mecánicos automoción*
- f) 60 - Peóns beneficiarios/as:*
 - 22- Peóns xardinería-forestal*
 - 38- Peóns de construción.*

3. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9 das Bases de Selección das de persoas candidatas:

- a) 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo 2*
- b) 30% menores de 30 anos, dos que ao menos o 50%, en busca 1º emprego. 18*
- c) 30% mulleres. 18*
- d) 19% persoas maiores de 45 anos 11*
- e) 18% persoas paradas de longa duración. 11*

4. Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servicio Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:

- a) Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.*
- b) Oficiais e capataces e persoal técnico administrativo: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros meritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.*

c) Autorizar a realización de entrevista e proba práctica relacionada co oficio e posto aos técnicos, Capataces, oficiais e peóns todos eles beneficiarios/as.

5. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:

a) Vías e Obras:

- Construción de beirarrúas en:
- Rúa Portela – Lavadores
- Rúa Casal – Sampaio

b) Policía Local:

- Acondicionamento de vestiarios para uso d'ido persoal da Policía Local.

c) Limpeza:

- Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante o desbroce de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:
 - Parroquia de Cabral.
 - Parroquia de Lavadores
 - Parroquias de Sampaio.
- Construcción dun galpón formado cuberto, no Parque Central Municipal.

d) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de cespede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
- Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.

e) Educación:

- Acondicionamento de baños nos CEIP de Balaidos, Carballal e Carrasqueira.
- Pintado peches perimetrais dos CEIP Cristo da Victoria e Castelao.
- Acondicionamento de espazos dos CEIP ed Beade-Coutada e Frian.

f) Parque Central de Servizos:

- Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.
- Mantemento e arranxo de vehículos do programa.

g) Emprego:

- Acondicionamento interior nave municipal da Florida.

h) Desinfección.

- Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización, desinfección e desinsectación en barrios e parroquias.

6. Aprobar o gasto total de 752.082,54 €, do orzamento municipal correspondente ao ano 2016:

- a) 2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal: 552.279,42 €
- b) 2410 1600001 "Seguridade Social Emprego: 199.803,12 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO "VIGO EMPREGA".

1. INTRODUCCIÓN

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, ven a por en marcha unha nova convocatoria do programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA", para facilitar a inserción laboral de colectivos con dificultades. Esta é a premisa do programa e os seus antecedentes, dende o ano 2001, na progresiva aplicación por parte do Concello de Vigo de políticas de fomento do emprego e mellora da ocupación das persoas desempregadas. As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de "necesidade social", que responde de modo oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.

Na actual situación, as dificultades de inserción están xeralizadas a toda a poboación en idade de traballar, e van dende titulados a persoas con experiencia previa en sectores como automoción, naval, construción ou servizos, ou persoas en busca do seu primeiro emprego. Estas persoas desempregadas posúen un perfil, características e bagaxe profesional con proxección para a consecución de novos empregos, sempre e cando aumente a súa formación, capacitación e melloren as coxunturas económicas e laborais.

Por todo elo, o programa debe contribuir a xerar valor engadido, as persoas beneficiarias que participen no programa, axudando a corrixir deficiencias, a aumentar potencialidades, competencias e desenvolver hábitos e actitudes no traballo. Debe ser ademais, dunha aportación económica e experiencia, un pulo á formación que especialice, perfeccione e complementa a experiencia práctica e o perfil profesional das persoas traballadoras.

O Programa debe ampliar a súa oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra, e así dotar de experiencia práctica a formación. Esta, debe apostar por a innovación, aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, especialización e mellora da profesionalidade dos participantes. A formación articularase dentro do horario laboral. Esta estrutura posibilita dar resposta ás demandas de formación das persoas participantes, adaptándoa tamén, ás demandas do mercado de traballo e ás posibilidades orzamentarias dispoñibles.

Isto reflicte a necesidade de implementar medidas de apoio e discriminación positiva, centrada en grupos de idade a partires de 18 anos, que con carácter habitual proceden do mundo laboral, con cargas familiares que precisan apoio e un pulo para mellorar a súa cualificación profesional, tanto para perfeccionar e actualizar os seus coñecementos, como para ampliar as súas capacidades aprendendo novos oficios e reciclándose para introducirse en novos sectores de actividade. O Programa VIGO EMPREGA facilitará a reincorporación ao mercado laboral a persoas que proveñen de sectores altamente castigados pola crise, persoas con habilidades sociais e profesionais suficientes para desenvolver un traballo profesional e con proxección, para a súa incorporación laboral en novas empresas e sectores de actividade.

Na actualidade, obsérvase unha tendencia do inicio da recuperación de sectores de actividade como o naval e certos ambitos da construción, tamén na evolución do paro nos últimos tempos, reflexo evidente dunha situación financeira, económica e laboral esperanzadora. Esta obríganos a potenciar ao máximo os recursos deste Concello, para continuar implementando medidas que potencien e consoliden a tendencia na recuperación do emprego, apostando, por programas que faciliten a formación e a adquisición de: experiencia, habilidades, coñecementos e actitudes profesionais.

2. OBXECTIVOS

A realización de obras e/ou servizos de interese municipal, por persoas que teñen dificultades importantes para atopar emprego. Polo tanto, mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e

competencia profesional. En definitiva, o paso polo programa, debe contribuir dunha maneira eficaz a aumentar as posibilidades de inserción no mercado laboral, dos traballadores participantes.

O Programa "VIGO EMPREGA" necesita tamén, incorporar un número de oficiais beneficiarios con experiencia profesional e con habilidades formativas que posibiliten a capacitación profesional nos oficios relacionados coa obra civil, a xardinería e os servizos de interese municipal, das persoas beneficiarias na categoría de peón. Tamén achegará unha mellora na profesionalidade por medio da experiencia e da formación complementaria dos capataces e oficiais de oficios que se incorporen ao programa.

Este é un instrumento elaborado para promover o emprego no municipio, prestando especial atención a todos os colectivos que teñen dificultades para integrarse laboralmente. O sector da poboación desempregada é moi extenso, polo que o programa incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención deste Concello, creando accións de mellora da empregabilidade e calidade do emprego.

3. POSTOS DE TRABAJO.

Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA, son os de: peóns, oficiais e capataces, e persoal técnico administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de postos a seleccionar determinarase no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Os postos de traballo a convocar, son os seguintes:

Auxiliar topógrafo	Oficial carpintería de madeira	Oficial mecánica do automóbil
Delineante	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura
Auxiliar administrativo	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal
Capataz construción	Oficial condutor-palista	Peóns construción
Oficial albanelería	Oficial desinfección	Peóns xardinería- forestal
Oficial cantería	Oficial electricidade	
Oficial carpintería de aluminio	Oficial fontanería	

4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS.

Duración.- A duración determinada inicial estímase:

- Como máximo 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego VIGO EMPREGA.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
- Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 1 mes de duración.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do

Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, lei 7/2007 do 12 de abril; ao Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia lei 30/1984 do 2 de agosto e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa ás persoas aspirantes.

Modalidade.- Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para a Inserción Laboral "VIGO EMPREGA" para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Retribucións.-

- As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego", que se atope en vigor no momento da contratación.*
- As establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).*

5. REQUISITOS BÁSICOS

- Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderan ser contratados candidatos que superen a idade legal de xubilación establecida, en todo caso non poderan superar os 65 anos, tal e como se recolle no artigo 67 do EBEP, Lei 7/2007 do 12 de abril.*
- Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta. (Informe médico ou certificación positiva do EVO como condición previa á contratación, sen a presentación do informe e a superación da correspondente e prévia avaliación médica non serán contratados para a participación neste programa)*
- Estar desempregada/o e inscrito/a como demandante de emprego nalgunha das oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo na data de solicitude de candidatos ao SPEG. Non se admitirán situacións de mellora de emprego.*
- Estar empadroad/a no Concello de Vigo, con anterioridade ao 01/06/2014*
- Non ter sido contratado/a por este Concello con data fin de contrato, con posterioridade ao 31/12/2014, en ningún dos seguintes programas: UTIL, VIGO EMPREGA, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Colaboración Xunta-Entidades Locais, ou con un contrato temporal ou de interinidade.*
- Non ter sido sancionado nunca como traballador deste concello en calquera dos programas recollidos no parágrafo anterior ou en calquera outra relación contractual co Concello de Vigo, por ter incorrido en falta grave ou moi grave, sendo resultado da apertura dalgún expediente de carácter disciplinario.*

- Non poderán participar na mesma quenda do VIGO EMPREGA, dúas persoas pertencentes á mesma unidade de convivencia familiar. Ben sexan por consanguinidade ou afinidade ata un segundo grado e/ou teñan relación conxugal ou como parella de feito.
- As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.
- Presentar a documentación completa e en regra, requerida polo programa e polo SPEG no prazo establecido na convocatoria. O incumprimento dos prazos implicará a exclusión automática do proceso de selección, non accedendo a persoa candidata a fase de baremación.

6. REQUISITOS PROFESIONAIS, FUNCÍONS E OBRIGAS

✓ Descrición

Auxiliar administrativo: traballadores beneficiarios, recen titulados menores de 30 anos e en busca do primeiro emprego, desenvolverán funcións de apoio administrativo no Programa “Vigo Emprega”, encargados da mecanización de partes de traballo diario, elaboración de informes ou documentos e todas aquelas funcións de apoio en tarefas de carácter administrativo incluíndo tarefas que conleven atención ao público. O posto de auxiliar administrativo ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

Delineante e auxiliar topógrafo: traballadores beneficiarios, recen titulados menores de 30 anos e en busca do primeiro emprego, desenvolverán funcións de apoio a xefatura de obra, encargados da elaboración de orzamentos de obra, medicións e traballos realizados, e todas aquelas funcións de apoio en colaboración coa dirección do programa e xefatura de obra. O posto de delineante a nivel salarial asimilase a categoría de xefe administrativo e o posto de auxiliar topógrafo á categoría de oficial administrativo tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

Capataces traballadores oficiais coa experiencia demostrable en posto de traballo similar e terán ademais das funcións propias de oficial a de colaborar coa xefatura de obra na coordinación de diferentes unidades de traballo en obra, colaboración nos aspectos relacionados coa loxística de transporte e de distribución de traballos e materiais ao grupo de oficiais a cargo, e aspectos relacionados co cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Os oficios para os que se ofertarán prazos de capataz de construción.

Oficiais de oficios nas diferentes especialidades que se indican nestas bases. Os oficiais son persoas con experiencia demostrable nos diferentes postos de traballo, con responsabilidades no control dos grupos de traballo, formación, execución dos traballos en obra; e os oficiais condutores, con responsabilidades no desprazamentos de persoas e materiais ás obras.

Peóns beneficiarios do Programa “Vigo Emprega”, serán aquelas persoas, sen necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, que executarán as tarefas programadas seguindo as indicacións dos seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.

Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa “Vigo Emprega” deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas, para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte dos/as beneficiarios/as durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

- Funcións, experiencia mínima e formación necesaria por posto para persoal beneficiario

a) *Persoal Técnico e Adminisitrativo.*

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- *Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e estar en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, considerarase en busca do 1º emprego.*
- *Desenvolveran funcións de apoio á administrativa do programa “Vigo Emprega”, encargados da mecanización de partes de traballo diario, elaboración de informes ou documentos e todas aquelas funcións de apoio en tarefas de carácter administrativo, incluíndo tarefas que impliquen atención ao público.*
- *As persoas candidatas nesta categoría deberán presentar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.*
- *O posto de auxiliar administrativo ten a súa propia categoría profesional tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).*

DELINEANTE E AUXILIAR TOPÓGRAFO

- *Ter unha idade menor ou igual a 30 anos, sen experiencia mínima no posto e estar en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, que teñan traballado, e non acumulen unha experiencia laboral previa superior a 180 días no mesmo posto ao que se opta, considerarase en busca do 1º emprego.*
- *Desempeño de funcións de coordinación de traballos relacionados coa execución de obras, medicións, elaboración de presupostos, apoio en funcións de seguimento e control aos membros do equipo técnico.*
- *As persoas candidatas nesta categoría deberán presentar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.*
- *Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.*

b) *Persoal de obras e servizos*

CAPATAZ

- *Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.*
- *Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.*
- *Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.*
- *Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.*
- *Serán nomeados recurso preventivo, para as obras que polas súas especiais características, requíran desa figura en cumprimento da normativa vixente. Será, en todo caso, obrigatorio para os capataces contratados, a aceptación deste extremo, como obriga ineludible, a non aceptación deste requisito conlevará a rescisión da relación laboral. Os candidatos que non acrediten a formación básica en Prevención de Riscos laborais de 60 horas, recibirán esta, como formación inicial para poder desenvolver as funcións propias do recurso preventivo.*

- *Realiza-las actividades que impliquen a responsabilidade dunha unidade de traballo que poidan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.*
- *Instruír ao persoal no período de formación teórico práctico inicial e en obra, nos traballos propios da súa especialidade.*
- *Colaborar na organización do transporte de persoal e materiais as unidades de obra asignadas.*
- *Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente.*
- *Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademáis figure como capataz ou encargado segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.*

OFICIAL

- *Poden desempeñar funcións de docencia, especialmente no período de formación teórico-práctica inicial, e na execución das diferentes obras e servizos.*
- *Terá a responsabilidade da execución das obras en colaboración cos encargados, xefes de equipo e xefe de obra.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida.*
- *Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.*

OFICIAL CONDUTOR/CONDUTOR-PALISTA

- *Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, coidado de materiais de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camiións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres. No caso do palista palas escavadoras e retroescavadoras e coidado de materiais de traballo.*
- *Os condutores deberan estar en posesión de tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, necesarios para a realización das funcións sinaladas, actualizados e en vigor, agas o condutor palista que debe ter como mínimo o carnet de conducir B, e os dous anos de experiencia acreditable en manexo de pala mixta, retroexcavadora ou pala cargadora. O palista deberá acreditar unha formación básica, ou curso de manexo de maquinaria de movemento de terras xa mencionadas neste parágrafo.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos ou no caso de palista no manexo de pala escavadora. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.*

7. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

- *Publicación na prensa local e taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa.*
- *Realizar a solicitude de persoas candidatas as oficinas do SPEG, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de convocatoria.*
- *Comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán rexeitadas e non accederán a fase de baremación. Se a comisión de selección así o considera, solicitarase as oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas.*
- *Baremación das persoas candidatas ao proceso de selección.*
- *Publicación das listaxes de candidatos baremados e a convocatoria á entrevista e proba práctica.*
- *Realización de entrevistas e proba práctica. A orde de realización, destes instrumentos de valoración persoal, poderá ser modificado pola comisión de selección encargada de desenvolver o proceso selectivo.*
- *Publicación da listaxe de persoas candidatas seleccionadas e a contratar e listaxe de substitucións para cubrir posibles baixas e/ou renuncias.*
- *Recoñecemento médico, ás persoas candidatas seleccionadas.*

O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

En todo caso, as persoas candidatas, terán a obriga de informar expresamente do seu estado biolóxico se teñen discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou cando se atopen en situacións transitorias, que non sexan compatibles coas exixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo aos que optan.

- *Formalización dos contratos laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.*

8. CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará no momento da convocatoria de selección de beneficiarios/as:

- 1. Aprobar o número de persoas beneficiarias a contratar en cada posto de traballo do programa "VIGO EMPREGA".*
- 2. Nomear a Comisión de Selección conforme se establece no punto 11 das presentes bases.*
- 3. Baremación dos expedientes persoais/profesionais*
- 4. A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.*
- 5. Entrevista persoal (máximo 2 puntos)*

A entrevista, debe entenderse como un aspecto determinante para poder avanzar no proceso de selección, xa que poderá avaliarse a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e ver de primeira man as reaccións do mesmo e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa.

- *Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude e aptitude de adecuación ao programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.*
- *Solicitarase das persoas candidatas información sobre: a experiencia profesional previa, opinión sobre as condicións sociolaborais do contrato e as características*

da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraránse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
- Sen esta calificación de "NSNM" na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

6. Proba práctica (máximo 4 puntos)

- A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.
- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñanse conforme a profesión e as labores máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.
- No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase "NSNM" e quedará excluída do proceso de selección.

7. Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

9. BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS

Dada a natureza e especiais características do Programa VIGO EMPREGA, o procedemento de selección terá en conta as diferentes facetas das persoas beneficiarias candidatas ao posto de peón. Concretamente:

- Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza de:
 - 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo
 - 30% persoas menores de 30 anos dos que o 50% será o primeiro emprego.
 - 30% mulleres
 - 19% persoas maiores de 45 anos.
 - 18% persoas paradas de longa duración.
 - Levar un mínimo de 1 ano inscrito ininterrumpidamente como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de candidatos nas oficinas do SPEG e non superar, neses doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.

✓ Baremaranse os colectivos para o posto de Peón segundo o seguinte cadro:

COLECTIVO	PUNTUACIÓN
-----------	------------

<i>Persoa discapacitada</i>	<i>1</i>
<i>Muller</i>	<i>1</i>
<i>Xovenes menores de 30 anos.</i>	<i>1</i>
<i>Maior de 45 anos</i>	<i>0,5</i>
<i>Desempregado/a de longa duración</i>	<i>0,5</i>

- *As persoas candidatas ao posto de peón que non perciban ningunha renda ou subsidio, 1 punto.*
- *Persoas candidatas ao posto de oficial, capataz e persoal técnico administrativo beneficiario que non perciban ningunha renda ou subsidio 0,5 puntos.*
- ✓ *Valoraranse a experiencia laboral, formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver de persoal técnico e administrativo, capataces e oficiais.*
- *Experiencia laboral, imprescindible 2 anos como mínimo na mesma categoría. 0,1 puntos/mes. (máximo 5 puntos)*
- *Formación (máximo.3 puntos)*

Relacionada co posto (recibida ou impartida) .:

<i>Por cada curso de entre 20 e 49 horas</i>	<i>0,10</i>
<i>Por cada curso de entre 50 e 99 horas</i>	<i>0,20</i>
<i>Por cada curso de entre 100 e 199 horas</i>	<i>0,30</i>
<i>Por cada curso de máis de 200 horas</i>	<i>0,40</i>

Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais

<i>Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas</i>	<i>0,20</i>
<i>Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas</i>	<i>0,40</i>
<i>Curso de Prevención de máis 50 horas</i>	<i>0,60</i>

Relacionado directamente coa especialidade:

<i>Tarxetas ou carnet profesionais</i>	<i>0,50</i>
--	-------------

10. LISTAXES DE SUBSTITUCIÓNS.

As persoas candidatas/os que non foran contratadas e tiveran superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as”, para este programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

11. COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- *O Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*

- *Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretaria/o.*
- *Tres técnicos/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.*

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do EBEP.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concillería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

12. OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS CANDIDATAS.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo 4 dunha duración temporal propia do Programa "Vigo Emprega" por convocatoria, dun máximo de 6 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa entre outros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobre dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da que se informa aos/as aspirantes.

- *Fotocopia do informe de discapacidade e/ou incapacidade emitido polas entidades competentes, nos casos en que proceda, e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%.O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía*

coas tarefas a desenvolver do posto de traballo ao que se presenta. No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, as persoas candidatas, terán a obriga de informar a comisión de selección e en todo caso, deberán presentar certificación médica que acredite o estado biolóxico compatible, da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

- Máis información:

Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa VIGO EMPREGA (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>, e no taboleiro de anuncios do Concello.

11(449).- PROPOSTA DE PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “QUIROO, S.L.” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. EXPTE. 12833/77.

Dáse conta do informe-proposta do 07/05/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILES), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

*O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial **Quiroo, S.L.** con enderezo en Vigo, promovido e presentado por D. José Ramón Alonso Domínguez en calidade de promotor, por acadar as seguintes características:*

- *O proxecto empresarial “**Quiroo, S.L.**” é **innovador** na área de Vigo, e consiste nunha empresa de software (plataforma) para clínicas e pacientes (servicio web en la nube).*
- *Servizo web que permite a clínicas e laboratorios enviar documentos médicos os pacientes de maneira rápida e segura.*
- *Innovador sistema de software, fácil de implementar con xestión independente do sistema operativo das clínicas, na que os documentos son enviados cumprindo con la LOPD e sen límite no tamaño dos arquivos.*
- *Solución a medida (Customer Branded Solution) para hospitales independentes, grupos e aseguradoras.*
- *A empresa e adoptará a forma xurídica de **Sociedade Limitada**.*

“Quiroo, S.L.” é unha iniciativa empresarial innovadora coa que preténdese darlle capacidade ós pacientes de xestionar mellor a súa saúde de maneira dixital.

A empresa precisa dun investimento inicial de 200.000 € para a posta en marcha e conseguir as primeiras 50 clínicas en territorio nacional, tendo previsto comenzoar a expansión internacional en Alemaña, Francia e Portugal a partir de 2018. A financiación serán recursos propios dos socios 20.000€, en financiación allea por parte de inversores de capital riesgo, algúns deles especializados en mHealth.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analízalo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado "Quiroo, S.L." promovida por Don José Ramón Alonso Domínguez, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.
 - Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
 - Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(450).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102589/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 5.05.16, e os informes-proposta do xefe de Contabilidade, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201600003807	9120.2269900	500,00	558,14	13/01/16	12/04/16	13/04/16	0,00	58,14

Barbará Rodríguez Beatriz	201600010162	9206.1620000	70,00	70,00	19/01/16	19/01/16	19/04/16	0,00	0,00
Barbará Rodríguez Beatriz	201600010163	9206.2302000	204,80	204,80	19/01/16	19/01/16	19/04/16	0,00	0,00
Barbará Rodríguez Beatriz	201600010164	9206.2312000	350,00	389,30	19/01/16	19/01/16	19/04/16	0,00	39,30
Espada Recarey Luis	201600009700	9250.2200100	500,00	408,60	20/01/16	06/04/16	20/04/16	91,40	0,00
Espada Recarey Luis	201600009701	9250.2200000	500,00	248,45	20/01/16	06/04/16	20/04/16	251,55	0,00
Espada Recarey Luis	201600009702	9250.2279900	17.999,00	17.837,60	20/01/16	09/02/16	20/04/16	161,40	0,00
Espada Recarey Luis	201600011278	9250.2269901	311,00	311,00	25/01/16	05/02/16	25/04/16	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201600009161	9200.2219902	500,00	323,01	13/01/16	04/04/16	13/04/16	176,99	0,00
García Álvarez Luis	201600011464	2311.4800000	3.000,00	1.163,00	26/01/16	30/03/16	26/04/16	1.837,00	0,00
García Álvarez Luis	201600015743	9201.1620001	550,00	550,00	10/02/16	18/03/16	10/05/16	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201600015899	9201.2302000	434,57	373,88	10/02/16	18/03/16	10/05/16	60,69	0,00
García Álvarez Luis	201600015900	9201.2312000	1.150,00	1.145,72	10/02/16	18/03/16	10/05/16	4,28	0,00
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201600013550	9251.2240000	1.890,00	1.890,00	28/01/16	29/02/16	28/04/16	0,00	0,00
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201600013931	2410.2312006	1.000,00	1.000,00	03/02/16	05/04/16	03/05/16	0,00	0,00
Núñez Aboy Marta	201600013933	3340.2302000	568,12	426,07	01/02/16	29/02/16	01/05/16	142,05	0,00
Núñez Aboy Marta	201600013934	3340.2312000	450,00	269,24	01/02/16	29/02/16	01/05/16	180,76	0,00
Quintela Rodríguez M ^a José	201600015449	2310.4810000	433.051,53	433.051,53	12/02/16	01/03/16	12/05/16	0,00	0,00
TOTAL			463.029,02	460.220,34				2.906,12	97,44

13(451).- PRÓRROGA DA AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA (QUIOSCOS) NOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11505/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 09/05/16, dáse conta do informe-proposta do 06/05/16, do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do día 26 de febreiro de 2016, adoptou acordo que na súa parte dispositiva di:

“PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2016, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 11505/306, que se citan na parte expositiva deste acordo e consistente en:

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, o 8 de xaneiro de 2016, sobre:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.*
- Memoria descritiva das instalacións.*
- Certificación de distancias entre quioscos.*
- Fotografías emprazamentos.*
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.*
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.*

- Informe do Inspector municipal de Medio Ambiente de data 20 de novembro de 2015, sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2015, sen deterioro dos bens de dominio público.

- Informe do técnico municipal do servizo de Patrimonio: Inventario de data 4 de febreiro de 2016, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- Requirir ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areas do Concello de Vigo segundo acordos da Xunta de Goberno Local do 10 e 17 de xullo de 2015, que se citan na parte expositiva deste acordo, para que no PRAZO DE VINTE DÍAS HÁBILES a partir dende a notificación deste acordo, ACEPTEN ou NON a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2016 (01 de xuño de 2016 ao 30 de setembro de 2016), nas condicións no seu día aprobadas e as que resulten das correspondentes autorizacións sectoriais.

A NON presentación de escrito aceptando expresamente a prórroga da autorización, entenderase que non acepta a citada prórroga.

QUINTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder á prórroga das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2016 para aqueles adxudicatarios que así o aceptaran; noutro caso, efectuar

unha nova licitación respecto daqueles postos de quioscos que non aceptaran a prórroga, conforme ao procedemento legalmente previsto respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”

2.- O dito plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) para a tempada estival do 2016, recolle os mesmos quioscos, características e situación que o plan aprobado na tempada 2015, cuxas autorizacións foron adxudicadas a terceiros no referido ano 2015.

Os quioscos son:

DESCRICIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2
QUIOSCO 1 (LOTE 1)	Areal da Punta. A Guía	Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito	20
QUIOSCO 2 (LOTE 2)	Areal de Santa Baia, Alcabre	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 3 (LOTE 3)	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 4 (LOTE 4)	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 5 (LOTE 5)	Areal de Argazada	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 6 (LOTE 6)	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 7 (LOTE 7)	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 8 (LOTE 8)	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 9 (LOTE 9)	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20
QUIOSCO 10 (LOTE 10)	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20
QUIOSCO 11 (LOTE 11)	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre	20

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos planos obrantes no expediente obxecto do plan de explotación.

3.- En fecha 03/03/2016, o Servizo de Medio Ambiente elevou as peticións de autorizacións sectoriais para o Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do termo municipal de Vigo para o ano 2016, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e ó Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Tamén, requiriu ós adxudicatarios das autorizacións para que manifestasen ou non a súa vontade de prorrogar estas para o presente ano 2016.

4.- Todos os adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areas do Concello de Vigo, presentaron escritos no Rexistro Xeral do Concello de Vigo manifestando a súa vontade de prorrogar as ditas autorizacións para o período estival do ano 2016 (01 de xuño a 30 de setembro de 2016), nos documentos que de seguido se relacionan:

- D. Senén Robles Pérez, lote 1, lote 11, doc. 160036357; - Administración de Playas, S.L., lote 2, lote 6, lote 7, docs. 160039811, 160042413; Dona María Francisco Touriño, lote 3, lote 5, lote 8, doc. 160037251, - D. Ricardo Santiago Daponte, lote 4, doc. 160032132; - Dona Marta Lorenzo Barrera, lotes 9 e 10, doc. 160040407.

5.- O xefe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en data do 22/03/2016 (entrada Rexistro Concello 29/03/2016), ditou resolución de aprobación do plan de explotación dos servizos de tempada correspondente os quioscos da súa competencia (quiosco nº. 1 Areal de a Punta, a Guía; quioscos núms. 9 e 10 no areal de O Vao; quiosco 11 no areal de a Etea), nas condicións xerais e particulares establecidas nesta autorización.

6.- A secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en data do 19/04/2016 (entrada no Rexistro do Concello do 27/04/2016), ditou resolución outorgando autorización da C.A. na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre para a instalación, durante o ano 2016 (dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro), de sete quioscos desmontables nas praias (quiosco núms. 2 no Areal de Santa Baia, Alcobre; 3 e 4 no areal de Tombo do Gato; 5 no areal de Argazada; 6, 7 e 8 no areal de Samil).

II.- Fundamentos de dereito:

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *"explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local"*.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.

- Haberá que solicitarlas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,

- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.

- Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que *“no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”*

O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido documento informativo sobre estas autorizacións.

Neste sentido, a Xunta de Goberno Local en sesión día 26 de febreiro de 2016, aprobou o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo para o ano 2016, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aquelas outras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2016.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais en xaneiro de 2016 e obrante no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares.

O Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do termo municipal de Vigo para o ano 2016, recolle os mesmos quioscos e en idéntica situación que os instalados no ano 2015.

A adxudicación das autorizacións a terceiros no ano 2015, fíxose mediante un procedemento aberto de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva segundo consta no expediente administrativo número 10618/306. No referido procedemento consta que:

- A Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de xullo de 2015, acordou:

“Adxudicar o procedemento aberto para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo 2015 (expediente 10618-306) ós seguintes licitadores:

- D. Senén Robles Pérez o lote 1 por un canon de 807,87 euros e o lote 11 por un canon de 1.607,87 euros.*
- Administración de Playas, S.L., o lote 2 por un canon de 2.152,82 euros, o lote 6 por un canon de 21.328,75 euros e o lote 7 por un canon de 23.750 euros.*
- Dña. María Francisco Touriño o lote 3 por un canon de 6.628 euros, o lote 5 por un canon de 21.028 euros e o lote 8 por un canon de 16.128 euros.*
- D. Ricardo Santiago Daponte o lote 4 por un canon de 2016,16 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

- A Xunta de Goberno Local en sesión de data do 17 de xullo de 2015, acordou:

“Adxudicar os lotes 9 e 10 do procedemento aberto para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo 2015 (expediente 10618-306) á Dña. Marta Lorenzo Barrera, cun canon de 2002 euros cada un.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

O prego de cláusulas particulares que rexeu a adxudicación da licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 1 de xuño de 2015, establecía expresamente na cláusula segunda, apartado 4, que:

“4.- O concello, previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local, poderá prorrogar as autorizacións para o período estival do ano 2016 (do 1 de xuño de 2016 ao 30 de setembro de 2016). Con carácter previsto a adopción deste acordo, recabaranse as autorizacións da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra (lotes 1, 9, 10 e 11) e da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio da Xunta de Galicia (lotes 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8)”.

Na cláusula terceira, apartado 5, o prego sinala que:

“No suposto de prórroga do contrato, o canon para a tempada do ano 2016 terá que abonarse antes do 31 de maio de 2016 e este corresponderá co canon ofertado para o ano 2015 (tempada completa).”

A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xullo, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e amplía o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro. Non obstante, o Decreto autonómico 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre e documento informativo sobre estas autorizacións do ano 2011; non foi modificado polo que as autorizacións sectoriais dos quioscos na zona de servidume – a case totalidade – non foron modificadas, resultado para un só ano, no período 1 de xuño a 30 de setembro e para unha superficie máxima cerrada de 20 m2.

Polo exposto, na espera dunha harmonización normativa entre os quioscos instalados en terreos de dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume e da delimitación dos tramos naturais ou urbanos das praias que corresponde á administración competente en materia de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia: CMAOT) -artigo 67 e disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento de costas, Rd. 876/2014-, considérase procedente que se prorroguen as autorizacións de terceiros para a ocupación, instalación e explotación de servizos nas praias do término municipal de Vigo para o período estival do ano 2016 (01 de xuño de 2016 ao 30 de setembro de 2016), tal e como permite o prego das autorizacións outorgadas, tendo en consideración, ademais, a inmediatez da licitación (ano 2015) que se respectaron os principios esixidos pola Lei: publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

Todos os adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada –quioscos- outorgadas por acordos da Xunta de Goberno Local de xullo de 2015, presentaron escritos no Rexistro Xeral deste Concello aceptando a prórroga da autorización para a tempada estival de 2016 tal e como se sinala nos antecedentes deste informe.

Constan no expediente as autorizacións sectoriais esixidas pola lexislación antes citada do plan de explotación dos servizos de tempadas –quioscos- no termo municipal de Vigo para o ano 2016, que se indican nos antecedentes deste informe as cales deberán cumprir os adxudicatarios. Neste sentido, indicar que o canon de ocupación polos quioscos situados en dominio público marítimo terrestre (os dous quioscos do Vao e o da Etea) será abonado polo Concello estando en tramitación o seu pagamento, sendo obriga do adxudicatario a constitución da correspondente fianza.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar a prórroga das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo, outorgadas por acordos da Xunta de Goberno Local do 10 e 17 de xullo de 2015 (expte. 10618-306) a:

- D. Senén Robles Pérez o lote 1 por un canon de 807,87 euros e o lote 11 por un canon de 1.607,87 euros.
- Administración de Playas, S.L., o lote 2 por un canon de 2.152,82 euros, o lote 6 por un canon de 21.328,75 euros e o lote 7 por un canon de 23.750 euros.
- Dna. Maria Francisco Touriño o lote 3 por un canon de 6.628 euros, o lote 5 por un canon de 21.028 euros e o lote 8 por un canon de 16.128 euros.
- D. Ricardo Santiago Daponte o lote 4 por un canon de 2016,16 euros.
- Dna. Marta Lorenzo Barrera os lotes 9 e 10 por un canon de 2002 euros cada un.

para o período estival do ano 2016, comprendido dende 01 de xuño de 2016 ata o 30 de setembro de 2016, debendo cumprir en todo momento coas condicións no seu día aprobadas e as condicións xerais e particulares establecidas nas autorizacións sectoriais outorgadas por:

- Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente de data do 22/03/2016 (para o quiosco nº. 1 Areal de a Punta, a Guía; quioscos núms. 9 e 10 no areal de O Vao; quiosco 11 no areal de a Etea).
- Secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data do 19/04/2016 (quioscos nºs. 2 no Areal de Santa Baia, Alcabre; 3 e 4 no areal de Tombo do Gato; 5 no areal de Argazada; 6, 7 e 8 no areal de Samil).

Os adxudicatarios das autorizacións que se prorrogan deberán ingresar na Tesourería municipal do Concello de Vigo o importe do citado canon antes do 31 de maio de 2016 de conformidade co establecido na cláusula terceira, apartado 5, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a adxudicación das autorizacións:

SEGUNDO.- Lembrar ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo, que deberán remitir o Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo a través do Rexistro Xeral ou de calquera das formas legalmente previstas, antes das instalacións dos quioscos (1 de xuño de 2016), a seguinte documentación:

- Xustificante de ter ingresado na Tesourería Municipal o canon por cada lote adxudicado.
- Xustificante de ter subscrito unha póliza de responsabilidade civil en cuantía mínima de 300.000 euros por cada lote ou quiosco para cubrir a responsabilidade civil que puidera derivarse pola prestación do servizo na presente tempada 2016.
- Xustificante de ter constituído fianza na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Economía e Facenda a favor do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para os dous quioscos do areal de o Vao, lotes 9 e 10, por importe de 800€ (400€ por cada un) e para o quiosco do areal da Etea (lote 11) por importe 400€.

SEN TER APORTADA A ANTES DITA DOCUMENTACIÓN NON PODERÁN PROCEDER A INSTALACIÓN DOS QUIOSCOS.

Lembrarlles, en especial, que:

- Os servizos hixiénico sanitarias públicos dos quioscos deberan estar instalados e abertos durante toda a tempada estival -1 de xuño a 30 de setembro- en horario de 10:00 a 22:00 horas, estarán en correctas condicións de limpeza e uso en todo momento, disporán de papel hixiénico, xabón e toallas de papel dun só uso por conta dos adxudicatarios.

- A adxudicataria dos lotes 9 e 10 (areal do Vao) deberá cumprir coas mesmas condicións anteriores, debendo abrílos as 9:00 h e pechados as 22:00 h, mantelos limpos en todo momento e cos medios materiais citados, os servizos hixiénico sanitarios públicos que o Concello instalará no Areal de Fontaíña e no Areal de Canido durante todos os días da presente tempada estival.

- Os adxudicatarios dos quioscos situados no areal de A Punta (lote 1) e no areal de Tombo do Gato (lote 4) deberá facerse cargo da limpeza e mantemento dos servizos que o Concello posúe nestas zonas, realizando a limpeza, cando menos, teres veces ao día, dotados dos medios materiais antes citados, debendo abrílos as 10:00 h. e pechalos as 22:00 h. durante todos días da presente tempada estival.

- Sobre a porta principal de acceso ao quioscos figurará un cadro identificativo (dimensións aproximadas de 20 x 20 cm) coa lenda "QUIOSCO Nº HORARIO DE 10 A 22 HORAS E SERVICIOS DE USO PÚBLICO E GRATUÍTO".

- Os adxudicatarios deberán conectarse os servizos de abastecementos e saneamentos en todo momento estando terminantemente prohibido calquera tipo de vertido ó medio exterior.

- As instalacións para dotar de suministros os quioscos deberán ser subterráneas, sendo por conta dos adxudicatarios a súa instalación e todos os gastos que orixinen.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo os adxudicatarios das autorizacións para os servizos de tempada para o seu coñecemento e cumprimento, informándolles que contra o acordo de prórroga das autorizacións, consonte os artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa, poderá interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(452).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIOS DO SEGUNDO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 7993/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/04/16 e o de fiscalización do 10/05/16, dáse conta do informe-proposta do 03/05/16, da xefa de

Patrimonio Histórico, conformado pola xefa da área de Xestión Patrimonial e Territorial, pola concelleira-delegada de Patrimonio Histórico e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 11 de marzo de 2016, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente para a contratación dos SERVICIOS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIOS DO SEGUNDO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Decreto de Alcaldía de data 16/12/2015, no que se resolve “delegar na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico D. M^a Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do Segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos créditos existentes na partida 1510.210000 do orzamento do ano 2016 – Obras de Mantemento de Medianeiras para este fin, a través do Servizo de Patrimonio Histórico”.
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 11 de marzo para o inicio do expediente de contratación dos servizos de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo.
- Memoria xustificativa asinada o 27 de abril de 2016 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos asinado o 27 de abril de 2016 pola xefa de Patrimonio Histórico.
- Informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de abril de 2016 na que sinala que, revisada a documentación do expediente, reúne a documentación esixida pola lexislación vixente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de abril de 2016.
- Informe favorable da Titular da Asesoría Xurídica de data 29 de abril de 2016.

2.- CONDICIÓNS DEFINITORIAS DO CONTRATO:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

OBXECTO DO CONTRATO: a execución do “Segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública” que consiste en decorar con expresións artísticas os seguintes espazos libres urbanos, tanto de titularidade pública como privada, co fin de mellorar a paisaxe urbana:

- Medianeira avenida Hispanidad, 66.

- Medianeira rúa II República, 12.
- Medianeira avenida Atlántida, 67.
- Medianeira rúa Conde de Torrecedeira, 4-6-8.
- Medianeira rúa San Gregorio, 20.
- Medianeira rúa Eduardo Cabello, 45.
- Medianeira rúa Fátima, 5.
- Medianeira rúa Fragoso, 93.
- Muro rúa Florida, 30 – 32 – 34.
- Muro Parque Navia (á altura da rúa Teixugueiras 16 – 18, aprox.).
- Muro rúa López Mora, 5
- Muro Plaza de España (entre as rúas Manuel Olivie e San Amaro).
- Escaleiras entre Marqués de Valterra e Torrecedeira (entre os números 22 –24).
- Nave propiedade da “asociación de marineros artesanales y deportivos San Miguel de Bouzas), rúa Eduardo Cabello, s/n (zona portuaria de Bouzas, a carón do campo de fútbol Baltasar Pujales).

Os artistas que decorarán os citados espazos foron seleccionados pola comisión técnica do citado programa, que fixou os seus honorarios.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2.a) e 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no PPT e de forma xeral fundamentalmente a mellora dos espazos urbanos, que pode encadrarse dentro das competencias propias dos municipios relativas a “Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación” (artigo 25.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de servizos, previsto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación. A forma de tramitación do expediente é, segundo o PCAP, a ordinaria, regulada nos artigos (artigos 109 e 110 TRLCSP).

O procedemento de adxudicación previsto no PCAP é o aberto en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria. En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, determinado en base aos servizos a realizar, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, ten un importe máximo 224.000 euros, dos que 38.876,03 euros se corresponden co IVE.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo do ano 2016, en concreto na partida 1510.210000 – Obras de Mantemento de Medianeiras dos orzamentos municipais vixentes.

d.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación aos criterios de adxudicación e segundo o recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base ao obxecto deste contrato, establécese a valoración por múltiples criterios, para o cal defínense os seguintes criterios baixo os principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia.

En relación a esta opción, e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato, darase máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa ao obxecto do contrato se puidesen valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establécese a seguinte proposta de criterios, os cales terán unha aplicación dun 30 % de puntos a criterios avaliábeis por xuízo de valor, e un 70 % a criterios avaliábeis a través de fórmula.

Ademáis dos criterios avaliábeis a través de fórmula, que aseguran o cumprimento dos principios de igualdade e obxectividade, é necesario introducir un criterio avaliábel mediante xuízo de valor no que se teña en conta o proxecto de organización e prestación dos servizos, en concreto a organización do persoal, o plan de traballo, o plan de amoreamentos e instalacións auxiliares, o plan de seguridade e o plan de seguimento e control das actuacións.

e.- Criterios avaliábeis mediante fórmula:

Redución do prezo de preparación dos espazos e realización de tarefas de apoio ós artistas para a execución da súa obra: se valorará con ata 70 puntos

As fórmulas de aplicación deste criterio serán as establecidas no PCAP.

f.- Criterios avaliábeis mediante xuízo de valor:

- Proxecto de organización e prestación dos servizos: valorarase con ata 30 puntos

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

a) Organización do persoal: valorarase con ata 10 puntos

Neste apartado valorarase o organigrama do persoal que adscribirase ó programa, as súas categorías profesionais, e a organización e distribución do traballo entre o mesmo.

b) Plan de traballo: valorarase con ata 5 puntos

Valorarase o nivel de detalle na organización e distribución dos traballos que se describen no prego de prescricións técnicas.

c) Plan de amoreamentos e instalacións auxiliares: valorarase con ata 5 puntos

Valorarase a localización proposta para os amoreamentos, as instalacións auxiliares, e a custodia dos materiais empregados polos artistas.

d) Plan de seguridade: valorarase con ata 5 puntos

Valorarase as medidas propostas de sinalización e seguridade que se adoptarán en cada un dos espazos obxecto do contrato.

e) Plan de seguimento e control das actuacións: valorarase con ata 5 puntos

Valorarase as medidas propostas para o seguimento e control das actuacións.

g.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución é de un mes, e non poderá ser prorrogado.

h.- Solvencia económica e financeira e técnica: non

i.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato: Non se fixan.

j.- Modificación do contrato: sí.

A) ASPECTOS A MODIFICAR: eliminación dalgún espazo de actuación ou a substitución por outro diferente

B) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: a aparición de circunstancias non contempladas no "Informe sobre as actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 2º programa para o pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública", que motiven a imposibilidade de execución do tratamento previsto nalgún dos espazos obxecto do contrato, como consecuencia de vicios ocultos ou de anulación do permiso da propiedade do espazo no que se pretende actuar.

C) LIMITES DA MODIFICACIÓN: 10% do prezo do contrato

k.- Responsable do Contrato: A responsable do contrato será a Xefa de Servizo de Patrimonio Histórico.

l.- Seguro: Procede constituir un seguro específico de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.

m.- Subcontratación: si, de ata un 60%

Deberá subcontratarse ós artistas seleccionados pola "comisión técnica do II programa de tratamento de medianeiras, e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbá". A subcontratación destes artistas supón un 41,05 % do prezo do contrato, polo que non supera o límite previsto no artigo 227.7 do TRLCSP.

En virtude do informe da asesoría xurídica municipal, de data 29/04/2016, incorpóranse ao expediente as resolucións da Concelleira de Patrimonio Histórico, adoptadas en execución das bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 23/12/2015, polas que se seleccionaron os artistas e os espazos; así como a acreditación da dispoñibilidade dos espazos sobre os que se vai actuar.

3.- PROPOSTA:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

1º.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO SEGUNDO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

2º.- Aprobar o Prego de Prescrición Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO SEGUNDO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico con data 27 de abril de 2016.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 27 de abril de 2016.

4º.- Autorizar o gasto:

A) Presuposto total: 224.000 € .

B) IVE a soportar pola Administración: 38.876,03 euros euros.

C) Valor estimado do contrato: 203.636,36 euros.

Aplicación orzamentaria: 1510.210000 – Obras de Mantemento de Medianeiras dos orzamentos municipais vixentes.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(453).- BASES REITORAS PARA A FORMACIÓN DAS BOLSAS DE EMPREGO QUE PERMITAN OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE

APROBA O TREBEP, COMO PROGRAMADORES INFORMÁTICOS E COMO TÉCNICOS/AS DE XESTIÓN. EXPTE: 27846/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/05/16, dáse conta do informe-proposta do 02/05/16, da técnico medio de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 11/03/2016 acordou a aprobación dunha proposta de actuación e aprobación de programa para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos ámbitos materiais de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría (expte. 27064/220). O referido acordo autoriza o nomeamento por execución de programa temporal de dous/dúas efectivos con perfís de programación web e de aplicacións en JAVA con coñecementos de GIS, así coma de dous/dúas auxiliares administrativos/as e un/ha técnico/a de xestión.

II. Mediante escrito do xefe do servizo de Administración electrónica, conformado polo concelleiro delegado de Administración electrónica de data 22/03/2016, solicítase a urxente incorporación de dous/dúas operadores/as informáticos/as de xeito que permita dar un servizo de maior calidade aos usuarios de equipos informáticos así como cubrir as vacacións e permisos do persoal que actualmente asiste estas tarefas e no que propón a convocatoria urxente dun proceso selectivo para proceder á dita cobertura.

III. Xa que logo, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 23 de marzo de 2016, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Programadores e Operadores Informáticos, á maior brevidade. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

IV. En cumprimento do ordenando, o técnico de Organización e Planificación de RRHH emite informe en data 14/04/2016.

V. Solicitado informe a respecto dos dous auxiliares administrativos e do técnico de xestión con cargo á execución de programa temporal autorizado en expte. 27064/220, o técnico de Organización e Planificación emite informes en datas 25 e 27 de abril de 2016.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d).

De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De acordo co anterior, a figura do funcionario interino para a execución de plans ou programas de carácter temporal está contemplada no artigo 10.1.c) do TREBEP e no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e que se concretan na execución de programas de carácter temporal, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na norma básica de aplicación, non podendo en ningún caso, responder a necesidades permanentes da Administración, por un período máximo de ata 3 anos, ampliables ata 12 meses adicionais nos termos nos que contemple a lexislación vixente.

No presente caso, trátase da execución dun programa de carácter temporal, nos termos do acordado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 11/03/2016 (expte. 27064/220), como Anexo Único a dito acordo, denominado "PROGRAMA CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA A IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, RECURSOS HUMANOS E SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL".

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

II. CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, nas que, entre outros, se fixan os seguintes:

1.- Dereitos das persoas en lista de reserva

As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino.

A pertenza a unha lista de reserva unicamente xerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como funcionario/a interino/a que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no artigo 10 do TREBEP, e no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e que se concretan en:

*a) **A existencia de prazas vacantes** cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*

*b) **A substitución transitoria dos titulares**, establecéndose que nos casos de incapacidade temporal, redución de xornada, xubilacións parciais ou permisos a tempo parcial poderá nomearse persoal funcionario interino para cubrir a parte da xornada de traballo que non realice a persoa titular do posto.*

*c) **A execución de programas de carácter temporal**, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na normativa básica de aplicación, non podendo, en ningún caso, os ditos programas responder a necesidades permanentes da Administración, por un período máximo de ata 3 anos, ampliábles ata 12 meses adicionais nos termos nos que se contemple pola lexislación vixente.*

*d) **O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses**, dentro de un período de doce meses. No presente suposto, operará a dita limitación temporal dentro dos nomeamentos que se realicen no mesmo subgrupo de titulación, aos efectos de garantir a adecuada rotación das listas de reserva.*

Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo.

2.- Réxime de renuncias e efectos

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo ningún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia dunha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

III. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

A vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo esixe como requisitos específicos para o desempeño do posto de traballo de:

- Programador/a de Informática: Estar en posesión ou en condición de obter o título de Bacharelato (LOE), Bacharelato (LOXSE), Bacharelato unificado polivalente (Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), Bacharelato superior (plan 1957), técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

- Técnico/a de Xestión: Estar en posesión ou en condición de obter o título de grao, diplomado universitario ou equivalente, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

Como requisitos xerais para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do TREBEP, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

-Estar en posesión da titulación académica oficial esixida.

En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do TREBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu

funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do EBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

IV. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E URXENCIA:

Segundo reflecte o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 11/03/2016, relativo á proposta de actuación conxunta e aprobación do programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (expte. 27064/220), quedou debidamente xustificada a procedencia da convocatoria pública dos procesos selectivos que permitan os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1.c) do TREBEP (dous/dúas Programadores Informáticos/as, dous/dúas auxiliares administrativos/as e un/ha técnico/a de xestión).

Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 14/04/2016, na última Oferta de Emprego Público convocada por este concello, non se incluíu ningunha praza de Programador/a de Informática, polo que é necesario dispoñer dunha lista que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do TREBEP, como Programador/a de Informática, que dea cobertura ás necesidades existentes no Servizo de Administración Electrónica e, que garanta a prestación do servizos e, neste caso, o cumprimento do programa aprobado.

Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 25/04/2016:

- neste intre dispónse dunha lista de substitución de auxiliares administrativos/as vixente, derivada da execución da última oferta de emprego público, que conta cun total de 19 aspirantes, e cunha bolsa de emprego formada por acordo da Xunta de Goberno Local do 13/03/15, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo órgano na súa sesión de data 16/01/2015, integrada na actualidade por un total de 49 aspirantes,

- así mesmo, neste intre existe unha lista de substitucións de técnicos/as de xestión, resultante da derradeira oferta de emprego público executada, correspondente a oferta de emprego de 2008, formada por dúas aspirantes que teñen a condición de funcionarias de carreira con cargo a praza de Administrativo/a de Administración Xeral. En previsión de que ningunha delas acepte un posible nomeamento de interinaxe, sería necesaria a aprobación dunhas bases reitoras para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do TREBEP como Técnicos/as de Xestión.

Xa que logo, en atención ao escrito do xefe do servizo de Administración electrónica, conformado polo concelleiro delegado de Administración electrónica de data 22/03/2016, así coma á instrución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 23/03/2016, no que se ordena o inicio do expediente e aos informes do técnico de Organización e Planificación de RRHH que constan no expediente, resulta procedente a aprobación das presentes bases selectivas para a formación dunhas bolsas de emprego, que permitan os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do EBEP para dous programadores de Informática e para un técnico de xestión, respectivamente.

V. COMPETENCIA:

De conformidade co artigo 37.2.e) do EBEP, e dacordo cas atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Programador/a de Informática, e que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

SEGUNDO: Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Programador/a de Informática, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico de Xestión, e que forman parte inseparable como ANEXO DOUS do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

CUARTO: Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico de Xestión, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO DOUS do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

QUINTO: Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración electrónica para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño do 2015.

SEXTO: Notificar o presente acordo ao servizo de Administración electrónica, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO UN

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, COMO PROGRAMADOR/A DE INFORMÁTICA (INTEGRADO NO SUBGRUPO C1). (EXPTE. 27846/220).

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA:É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Programador/a de Informática, subgrupo C1, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP).

II. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL:

Para seren admitidos á realización do proceso selectivo, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do TREBEP.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades

Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Estar en posesión ou en condición de obter o título de Bacharelato (LOE), Bacharelato (LOXSE), Bacharelato unificado polivalente (Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), Bacharelato superior (plan 1957), técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do Documento Nacional de Identidade, N.I.E. ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inescusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, de fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de superar o oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Programador/a de Informática.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudo e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñeráse de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III. SISTEMA DE SELECCION:

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o de oposición libre.

IV. FASE DE OPOSICIÓN:

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que integran o temario que figura anexo a estas bases (parte xeral e parte específica), que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou, realizar as tarefas que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará o Órgano de Selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais

acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do EBEP.

V. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN:

A solicitude dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base I anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 3, ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que dentro do prazo de presentación de instancias, adianten copia da solicitude co selo do rexistro de procedencia ou, no seu caso, co selo coa data de presentación en correos a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI. PUBLICIDADE:

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII. ÓRGANO DE SELECCIÓN:

Terá carácter colegiado e estará integrado por 5 membros. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

Terá carácter colegiado e estará integrado por 5 membros, que deberán estar integrados no subgrupo C1 ou superior de titulación, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar neste proceso selectivo. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

Un/unha funcionario/a técnico/a de Administración Xeral ou Especial encadrado/a no subgrupo A1 de titulación, ou técnico medio do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou un/unha funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vogais:

-Un/unha funcionario/a de carreira do Concello de Vigo, con titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo C1 de titulación e que pertenzan a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que requira unha titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo C1 de titulación, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo, dos seus organismos autónomos ou de calquera das Administracións Públicas territoriais, que dispoñan de titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo C1 de titulación, que comparecerán en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos e Formación deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Consideracións finais:

Os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do TREBEP e, normativa de concordante aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo ningún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán ás renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia dunha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas.

Consecuencia do anterior, a lista que resulte desta selección, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou se inclúa unha praza de programador de informática nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

T E M A R I O

a) Parte Xeral

- Tema 1.- Referencia aos principios xerais e contido da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Tema 2.- O municipio. O termo municipal. A poboación.Consideración especial do veciño. O empadroamento. Organización e competencias municipais.
- Tema 3.- O persoal ao servizo das administracións públicas. Réxime xurídico. Dereitos e deberes dos empregados públicos.
- Tema 4.- O acto administrativo. Concepto. Requisitos: Motivación e forma. A eficacia. A notificación.
- Tema 5.- O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación e instrución. A terminación: A obriga de resolver. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo.
- Tema 6.- A Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Tema 7.- A Administración electrónica: a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. O dereito a relacionarse por medios electrónicos.
- Tema 8.- Lei 59/2003, do 19 de xuño, de sinatura electrónica: concepto. Documentos asinados electrónicamente. Os certificados electrónicos.

b) Parte Específica

- Tema 1.- Lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- Tema 2.- Programas seguros, inseguros e nocivos. Virus.
- Tema 3.- Informática distribuída. Cliente-servidor. Mainframe.
- Tema 4.- Interconexión de redes. O protocolo IP. Obxectivos. Principios de interconexión de redes. Arquitectura de protocolos TCP/IP. O protocolo internet ou IP. O encamiñamento e o protocolo IP. Protocolos de control. IP next generation.
- Tema 5.- Seguridade nas redes de comunicacións: estandarización dunha arquitectura de seguridade; mecanismos de seguridade; marco de autenticación X.509.

- Tema 6.- Sistemas de arquivos en rede. NFS. SAMBA..
- Tema 7.- Sinatura electrónica. Uso na Administración Pública. DNI electrónico. Tipos de certificados
- Tema 8.- Sistemas de xeolocalización xeográfica. LocalGIS.
- Tema 9.- A linguaxe Java. Clases e obxectos. Métodos e parámetros. Extensión de clases. Interfaces. Excepcións. Paquetes. Novedades Java 8.
- Tema 10.- Programación concorrente mediante fíos en Java. Interrupcións. Sincronismo.
- Tema 11.- Java RMI. Arquitectura. Localización de obxectos remotos. Excepcións RMI. Retrochamadas. Activación. Tunelado HTTP.
- Tema 12.- Comunicacóns con streams e sockets en Java. Conexión á base de datos con JDBC. JPA e Hibernate.
- Tema 13.- Webservices Java. WSDL. Endpoint. Axis. WS-Security. JAX-WS
- Tema 14.- Bases de datos relacionais. Estrutura. Alxebra e cálculo.
- Tema 15.- A linguaxe SQL. Estrutura básica, operacións, funcións, subconsultas, relación, vistas e modificación de datos. Linguaxe de definición de datos.
- Tema 16.- Arquitecturas de sistemas de bases de datos: sistemas de SGBD centralizados, cliente-servidor, paralelos e distribuídos.
- Tema 17.- Servidor web Apache. Directivas. Servidores virtuais. Consideracións de rendemento e seguridade.
- Tema 18.- Tecnoloxías de procesamento en servidor e linguaxes de servidor para a xeración de contidos web dinámicos.
- Tema 19.- A linguaxe PHP. Arquivos, almacenamento e recuperación de datos. Manipulación de cadeas e expresións regulares.
- Tema 20.- Javascript Framework AngularJS
- Tema 21.- Java Server Pages. Elementos de script. Obxectos implícitos. Accións e directivas. Librarías de etiquetas.
- Tema 22.- Servidor Aplicacións Apache Tomcat. Configuración HTTPS. Spring MVC
- Tema 23.- O W3C. Obxectivos e actividades do W3C. Recomendacións mínimas para a accesibilidade ao contido web.
- Tema 24.- Formatos e linguaxes para presentar a información: HTML, XHTML e CSS. HTML dinámico.
- Tema 25.- Linguaxes de script: Javascript, Jscript, EcmaScript, VBScript, Python. Definición, orientación e características.
- Tema 26.- A linguaxe XML. DTD e esquema XML. Java e XML. DOM, SAX, JAXP e JDOM.
- Tema 27.- Transformacións XSL e XSLT. Sintaxe XPath. XSL-FO.
- Tema 28.- Linux. Sistema de arquivos. Estándar FHS. Estrutura predeterminada de directorio. Comandos script bash e python.
- Tema 29.- Linux. Contas de usuarios. Configuración de contas. Grupos e permisos.
- Tema 30.- Linux. Inicialización do sistema. Init, inittab e os scripts rc. Grub2
- Tema 31.- Probas de software. Junit e Selenium
- Tema 32.- O rexistro de Windows. Arquitectura e descrición xeral do rexistro de Windows.

ANEXO DOUS

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, COMO TÉCNICO DE XESTIÓN (INTEGRADO NO SUBGRUPO A1). (EXPTE. 27846/220).

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA:

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Técnico de xestión, subgrupo A1, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1

do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP).

II. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL:

Para seren admitidos á realización do proceso selectivo, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do TREBEP.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión ou en condición de obter o título de grao, diplomado universitario ou equivalente, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do Documento Nacional de Identidade, N.I.E. ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inescusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, de fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de superar o oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Programador/a de Informática.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan

dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudo e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III. SISTEMA DE SELECCION:

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o de oposición libre.

IV. FASE DE OPOSICIÓN:

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, 4 temas elixidos ao chou, de entre os que figuran no temario. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado do temas "A) Temas xerais" e o resto ao apartado "B) Temas específicos".

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que determinará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados coas materias que integran o programa común e específico das bases da convocatoria, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permitirá o manexo de textos comentados, libros de formularios, nin de dispositivos dixitais. Os/as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará o Órgano de Selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

V. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN:

A solicitude dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base I anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 4, ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que dentro do prazo de presentación de instancias, adianten copia da solicitude co selo do rexistro de procedencia ou, no seu caso, co selo coa data de presentación en correos a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI. PUBLICIDADE:

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII. ÓRGANO DE SELECCIÓN:

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, que deberán estar integrados no subgrupo A2 ou superior de titulación, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso selectivo. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

Un/unha funcionario/a técnico/a de Administración Xeral ou Especial encadrado/a no subgrupo A1 de titulación, ou técnico medio do Concello de Vigo, encadrado no subgrupo A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou un/unha funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vogais:

-Un/unha funcionario/a de carreira do Concello de Vigo, con titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo A2 de titulación e que pertencen a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que requira unha titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo A2 de titulación, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo, dos seus organismos autónomos ou de calquera das Administracións Públicas territoriais, que dispoñan de titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo A2 de titulación, que comparecerán en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos e Formación deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Consideracións finais:

Os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do TREBEP e, normativa de concordante aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo ningún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán ás renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia dunha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas.

Consecuencia do anterior, a lista que resulte desta selección, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou se inclúa unha praza de programador de informática nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

T E M A R I O

a) Parte Xeral

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- A Unión Europea: Orixe, institucións e fontes. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: composición e atribucións.
- Tema 3.- As fontes do Dereito da Unión Europea. Dereito orixinario. Dereito derivado: Regulamentos, directivas e decisións. Outras fontes.
- Tema 4.- A organización territorial do Estado na Constitución Española de 1978.
- Tema 5.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

- Tema 6.- A lei. Concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.
- Tema 7.- As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos. Definición e aplicación da lexislación de carácter básico e supletorio.
- Tema 8.- O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Límites da potestade regulamentaria. Principio de inderogabilidade singular de regulamentos.
- Tema 9.- Principios da organización administrativa. Principios rectores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación.
- Tema 10.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos; A notificación e a publicación. Termos e prazos. Dereitos dos cidadáns.
- Tema 11.- Os recursos administrativos. Principios xerais. Clases. A suspensión da execución do acto contra o que se recorre.
- Tema 12.- As reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais. A revisión de oficio.
- Tema 13.- A xurisdicción contencioso-administrativa. Extensión e límites. As partes no proceso. Procedemento xeral e referencia aos procedementos especiais.
- Tema 14.- As sentenzas e a súa execución. Recursos contra as sentenzas.
- Tema 15.- A contratación administrativa. Clases de contratos. Elementos dos contratos. Os suxeitos. Obxecto e causa dos contratos públicos.
- Tema 16.- A forma da contratación administrativa e os sistemas de selección do contratista. A formalización dos contratos.
- Tema 17.- Os bens das entidades locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público.
- Tema 18.- O Servizo público. Os modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.

b) Parte Específica

- Tema 1.- O réxime local español: principios constitucionais e regulación xurídica. A organización municipal: Referencia ao réxime dos municipios de grande poboación.
- Tema 2.- Réxime de funcionamento dos órganos colexiados das corporacións locais.
- Tema 3.- Competencias municipais e servizos obrigatorios nas corporacións locais. Actividades complementarias doutras administracións públicas.
- Tema 4.- Impugnación de actos e acordos das entidades locais e exercicio de accións.
- Tema 5.- A provincia no réxime local: especial consideración das súas competencias en relación cos pequenos municipios na Lei de administración local de Galicia.
- Tema 6.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.
- Tema 7.- Transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais. A encomenda de xestión.
- Tema 8.- Medios de intervención das corporacións locais na actividade dos seus cidadáns.
- Tema 9.- A responsabilidade da administración pública: principios e procedemento. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Tema 10.- A Lei xeral tributaria: principios e contido.
- Tema 11.- A Lei xeral presupostaria: principios e contido.
- Tema 12.- As facendas locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 13.- Os dereitos e garantías dos contribuíntes fronte á facenda pública.
- Tema 14.- A función recadadora nas facendas locais.
- Tema 15.- A función inspectora nas corporacións locais.
- Tema 16.- As contribucións especiais, as taxas e os prezos públicos. A imposición local autónoma.
- Tema 17.- Os recursos das facendas locais. Clasificación dos ingresos.
- Tema 18.- Os tributos e as súas clases. A potestade tributaria das entidades locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 19.- Os orzamentos das entidades locais. Estrutura. Principios orzamentarios. Formación e aprobación do orzamento. As bases de execución. Prórroga do orzamento.
- Tema 20.- O crédito orzamentario. Modificacións de créditos: clases e tramitación. Gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.

- Tema 21.- Fases do procedemento do gasto no réxime local. Ordenación do pagamento. Clases de pagamentos. Anticipos de caixa fixa. Pagamentos "para xustificar".
- Tema 22.- A liquidación do orzamento. Os remanentes de tesourería. A conta xeral: contido e tramitación.
- Tema 23.- O persoal ao servizo das administracións públicas. Réxime xurídico. O estatuto básico do empregado público e demais normativa vixente. As competencias en materia de persoal.
- Tema 24.- Selección de persoal. Os procesos selectivos na administración pública e a súa conexión coa oferta de emprego público. Principios constitucionais. Adquisición e perda da condición de funcionario público.
- Tema 25.- Situacións administrativas. Provisión de postos de traballo na función pública. A carreira administrativa. Promoción interna. Formación e perfeccionamento.
- Tema 26.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Incompatibilidades. Réxime disciplinario.
- Tema 27.- O sistema de retribucións dos empregados públicos. Retribucións básicas e retribucións complementarias. As indemnizacións por razón do servizo.
- Tema 28.- A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Tema 29.- A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero.
- Tema 30.- A ordenación urbanística en Galicia. Situacións e clases de solo. Clases e instrumentos de planeamento.
- Tema 31.- Licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Concepto, procedemento de outorgamento de licenzas e caducidade.
- Tema 32.- Disciplina urbanística. Protección da legalidade urbanística, infraccións e sancións.
- Tema 33.- Especialidades do procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos nas entidades locais. Notificacións. Comunicacións e Publicación. Os interesados no procedemento administrativo e a súa capacidade de obrar. Os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas.
- Tema 34 - A información e participación cidadá.
- Tema 35 - A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais. O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Regulamento dos servizos de prevención.
- Tema 36.- A Lei 9/20123, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Tema 37.- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 38.- A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.
- Tema 39.- A Axencia de Protección de Datos: competencia e funcións.
- Tema 40.- A administración electrónica. A Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. O dereito a relacionarse por medios electrónicos.
- Tema 41.- Lei 59/2003, do 19 de xuño, de sinatura electrónica: concepto. Documentos asinados electrónicamente. Os certificados electrónicos.
- Tema 42.- A xestión electrónica dos procedementos administrativos: Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas.

16(454).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DE D. MANUEL COMESAÑA ARAÚJO, NOS PERÍODOS COMPRENDIDOS ENTRE 21.05.2014 E 11.11.2014. EXPTE. 27964/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/05/16, dáse conta do informe-proposta do 25/05/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"En data 07/04/2016, D. Manuel Comesaña Araujo, presenta no Rexistro Xeral doc

160043997 no que solicita o recoñecemento do complemento de produtividade por toxicidade polo período comprendido entre o 21/05/2014 ao 11/11/2014.

Durante o período reclamado, D Manuel Comesaña Araujo estivo prestando servizos como interino por acumulación de tarefas, coa categoría de oficial pavimentador no servizo de Vías e Obras deset Concello.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

En data 19/04/2016, o xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais informa das datas nas que foron realizados traballos de pavimentación no período comprendido entre o 21/05/2014 ao 11/11/2014.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade baséase nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senon que debe entederse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres considerarlos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de

relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento legislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuarase en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a don Manuel Comesaña Araujo, fundamentado na certificación emitida pola secretaria do Goberno Local, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Produtividade”, por un total de 312,48 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo

orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

ANEXO

Mes	Nº de Xornadas	Importe
Maio	2	11,16
Xuño	12	66,96
Xullo	16	89,28
Agosto	9	50,22
Setembro	6	33,48
Outubro	8	44,64
Novembro	3	16,74
TOTAIS	56	312,48

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(455).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO MES DE MARZO 2016, DE DNA. M^a CARMEN ALONSO OTERO. EXPTE. 28025/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/05/16, dáse conta do informe-proposta do 28/04/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Recíbese escrito do xefe de Participación Cidadá en data 27/04/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, no que se solicita se lle abone a dona Maria do Carmen Alonso Otero (nº persoal 82540), o aboamento de produtividade que ten dereito a percibir por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Marzo-2016.

Dita empregada realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura da oficina Municipal de Distrito "A Miñooca", en horario continuo.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Real Decreto Lexislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento– entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- a suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade "a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3'68 €, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a "Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data

29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade a M^a do Carmen Alonso Otero (n^o persoal 82540) do servizo de Participación Cidadá, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran nas relacións adxuntas, correspondente ao mes de Marzo-2016 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-"Productividade", por importe de 73,60 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(456).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE, POR LIMPEZA DAS FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, DO PERSOAL DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 28032/220.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de Marzo-2016 e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de 972,55 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.”

Anexo:

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importe día	Días traballados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,67	17	62,39 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,67	17	62,39 €
13600	Cabaleiro González, José	3,67	22	80,74 €
77225	Cid González, Alberto	3,67	19	69,73 €

77691	Conde Lorenzo, Héctor	3,67	21	77,07 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,67	20	73,40 €
82456	Costas Villar, Alberto	3,67	20	73,40 €
79828	Cousiño Sendin, M ^a Concepción	3,67	18	66,06 €
78924	González Seijo, Antonio	3,67	15	55,05 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,67	17	62,39 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,67	18	66,06 €
82187	Quintas Pérez, José Juan	3,67	17	62,39 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,67	13	47,71 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,67	15	55,05 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,67	16	58,72 €
		Importe total	265 días	972,55 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(461).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS, CORRESPONDENTE AOS MESES DE NOVEMBRO DE 2015 E MARZO DE 2016. EXPTE. 28029/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 09/05/16, dáse conta do informe-proposta do 06/05/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense na Área de Recursos Humanos e Formación os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Novembro-2015 e Marzo-2016 (Alcaldía, Policía Local, Extinción Incendios, Ospio, Seguridade e Mobilidade, Inspección Vías e Obras, Vías e Obras, Parque Central, Parque Móbil, Limpeza e Museos).

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei vixente.”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 28029-220 e que se corresponden cos documentos sinalados anteriormente figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 33.027,67 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Marzo-2016	260,00	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontán Balbuena, Camilo
Policía Local	Marzo-2016 Xaneiro-2016	585,40 24,00	Abalde Casanova, Jesús Iván a Carballo Acuña, Francisco J.
Extinción de Incendios	Marzo-2016	1.775,00	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Veiga García, Rubén
Ospio	Novembro-15	64,00	De Ferro Mancho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Seguridade e Movilidade	Novembro-15	32,00	De Roca Dafonte, José Manuel a Bacelos González, José a
Inspección Vías e Obras	Novembro-15	32,00	De Matilde Viñas, J.Eugenio a Villar Estévez, Raimundo
Vías e Obras	Novembro-15	165,00	De Amoedo Cabaleiro, Jose L. a Rodríguez Rocha, Rodrigo
	Novembro-15	45,00	De Alonso Iglesias, Manuel a Prieto Domínguez, Florentino
	Novembro-15	8,00	Rodríguez Lestón, Bernardo
Parque Central	Novembro-15	49,00	De Abelleira Porrua, Guillermo a Pérez Fernández, J. Alfonso
	Novembro-15	48,00	De Comesaña Davila, José A. A Troncoso Martínez Avelino
Parque Móbil	Novembro-15	40,00	De Carballo Magariños, Jesús a Romero Cobas, José Luis
Limpeza	Novembro-15	32,00	De Alonso González Ángel a
			Quintas Pérez, Manuel a
Museos	Novembro-15	12,00	De Vázquez Martínez, Ramón

O montante do presente expediente ascende a un total de 33.027,67 €.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(462).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2016. EXPTE. 28027/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/05/16, dáse conta do informe-proposta do 03/05/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Distintos servizos e unidades municipais remitiron a Área de Recursos Humanos e Formación, relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Marzo-2016, todas elas co visto e praxe dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), así mesmo que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 2'75 €/hora, para os traballos en horas nocturnas e 4,06 €/hora, para os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Marzo	157,00	637,42 €	22,00	60,50 €	697,92 €
Policía Local	Marzo	10.663,67	43.294,50 €	9337,87	25.679,14 €	68.973,64 €
Cemiterios	Marzo	659,75	2.678,59 €	0,00	0,00 €	2.678,59 €
Extinción de Incendios	Marzo	1.775,00	7.206,50 €	566,00	1.556,50 €	8.763,00 €
Turismo	Marzo	119,00	483,14 €	0,00	0,00 €	483,14 €
Museo	Marzo	36,25	147,18 €	0,00	0,00 €	147,18 €
Bibliotecas	Marzo	16,00	64,32 €	0,00	0,00 €	64,32 €
Parque Central	Marzo	264,00	1.071,84 €	279,00	767,25 €	1.839,09 €
Participación Cidadá	Marzo	12,00	48,72 €	0,00	0,00 €	48,72 €
IMD	Marzo	1.200,00	4.872,00 €	519,50	1.428,63 €	6.300,63 €
Parque Móbil	Marzo	38,00	154,28 €	44,00	121,00 €	275,28 €
Patrimonio Histo	Marzo	36,00	146,16 €	0,00	0,00 €	146,16 €
Vigo-Zoo	Marzo	427,15	1.734,23 €	0,00	0,00 €	1.734,23 €
Cultura	Marzo	3,00	12,18 €	2,00	5,50 €	17,68 €
Limpeza	Marzo	14,00	56,84 €	2,00	5,50 €	62,34 €
TOTAL		15.420,82	62.607,89	10.770,37	29.624,02	92.231,91

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:

No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.

Propónse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área.

Turismo.- informes de horas realizadas polo persoal do servizo de Turismo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe da xefa do servizo de Turismo, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.

Cultura.- informes de horas realizadas polo persoal de Cultura, por ter que asistir a actos no Auditorio os fins de semana, segundo informe do xefe do servizo de Cultura y Bibliotecas, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se achéga relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.

Museo.- informes de horas realizadas polo persoal do Museo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe do xefe do servizo de Museos, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.

Bibliotecas.- informes de horas realizadas polo persoal de Bibliotecas, por horario de apertura en sábados, segundo informe do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.

Parque Central.- informes de horas realizadas polo persoal do Parque Central, horario e motivo polo que se realizaron ditas horas, asinado polo xefe do Servizo e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento.

Participación Cidadá.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo de Participación Cidadá, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento da oficina Municipal de distrito "A Miñoa" en horario discontinuo en sábados, domingos ou festivos, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

IMD.- Achegase informes do director técnico do IMD, no que se xustifica o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade no desempeño das funcións do persoal do servizo municipal de Deportes.

Parque Móbil.- Informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Patrimonio Histórico.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo de Patrimonio Histórico, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Interpretación Mundo Romano en horario discontinuo en sábados, domingos ou festivos, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Vigo-Zoo.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Aboar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Marzo	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	637,42 €	60,50 €	697,92 €
Policía Local	Marzo	De Abalde Casanova, Jesús Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	43.294,50 €	25.679,14 €	68.973,64 €
Cemiterios	Marzo	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.678,59 €	0,00 €	2.678,59 €
Extinción de Incendios	Marzo	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Veiga García, Rubén	7.206,50 €	1.556,50 €	8.763,00 €
Turismo	Marzo	De Díaz López, Emma a Barreiro Fidalgo, Natalia	483,14 €	0,00 €	483,14 €
Museo	Marzo	Ogando López, José Manuel a Román Brejio, Manuel	147,18 €	0,00 €	147,18 €
Bibliotecas	Marzo	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruiz de Ocenda, Josefa	64,32 €	0,00 €	64,32 €
Parque Central	Marzo	De Arias Rodríguez, Dámaso a Rodríguez Leiros, Alfonso	1.071,84 €	767,25 €	1.839,09 €
Participación Cidadá	Marzo	De Alonso Otero, Carmen	48,72 €	0,00 €	48,72 €
IMD	Marzo	De Alonso Campa de la, Alberto a Estévez Bouza, Silvia	4.872,00 €	1.428,63 €	6.300,63 €
Parque Móbil	Marzo	De Alonso González, Ángel a Puente Veiga, Alfonso	154,28 €	121,00 €	275,28 €
Patrimonio Histo	Marzo	de Iglesias Alvarez, Nuria	146,16 €	0,00 €	146,16 €
Vigo-Zoo	Marzo	De Alonso Abalde, José María a Vázquez Iglesias, Ana	1.734,23 €	0,00 €	1.734,23 €
Cultura	Marzo	De Núñez Aboy, Marta	12,18 €	5,50 €	17,68 €
Limpeza	Marzo	De Riveiro Cea, Lidia María	56,84 €	5,50 €	62,34 €
TOTAL.....			62.607,89	29.624,02	92.231,91

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **92.231,91 €**, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIONES.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(463).- SOLICITUDE DE CAMBIO DE CATEGORÍA DE C2 A C1 (RPT) DE FRANCISCO DE ASÍS DOCAMPO BARRUECO. EXPTE. 27824/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05/05/16, da técnica media de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

I. Con Rexistro de entrada de data 16/02/2016 (DOC. 160017924) don Francisco de Asís Docampo Barrueco, con nº de persoal 83.319, achega solicitude para que se artellen as fórmulas precisas para equiparar a súa categoría ás existentes para esa mesma praza de

capataz, grupo e/ou categoría neste Concello de Vigo e completando o carácter retributivo da mesma.

II. Con data 16/03/2016 a técnica de Formación e Avaliación de RRHH emite informe.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Recoñecemento de categoría superior:

Na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Organismo Autónomo Vigo-Zoo, aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 9 de novembro de 2011 (BOP nº 18 do 26/01/2012), o posto de Capataz ocupado polo solicitante configúrase do seguinte xeito: Codg RPT 600.07-Grupo de titulación C2, CD 16 e CE 406- Codg Rtb 606.

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 26/10/2015 aprobou a “Modificación da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de Educación (Escola Municipal de Artes e Oficios), Ocio e Tempo Libre (Parques das Ciencias Vigozoo) e Deportes (Instituto Municipal dos deportes) (Expte. 1396-110). Como consecuencia do anterior, o seu persoal adquirirá a condición de persoal laboral do Concello de Vigo, integrándose nas categorías que correspondan segundo as características do posto de traballo orixinario e o laboral de referencia que se atope vacante no Cadro de Persoal do Concello de Vigo.

As prazas de cada Administración ou Organismo veñen establecidas e clasificadas por grupos de titulación na súa plantilla orgánica (Cadro de Persoal), que de conformidade co artigo 90 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local e ao artigo 126 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materias de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, deben comprender a todos os postos de traballo, debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual, e que se aprobarán anualmente con ocasión da aprobación dos Orzamentos.

O persoal laboral fixo ao servizo do Concello de Vigo ten idénticos dereitos e sistemas de carreira e promoción profesional, así como idéntica estrutura retributiva, que o persoal funcionario de carreira, consonte ao disposto no Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, en cuxos artigos 167 a 177 se contempla o réxime do persoal ao servizo das Entidades Locais, estruturado nun sistema de corpos, escalas e clases, ao cal non pode ser alleo o persoal laboral, que ten a categoría de empregado público, segundo dispón o artigo 8 da Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, tal e como reflicte a equiparación que realiza o vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación o 28/12/1998.

En concreto, a promoción profesional debe materializarse inexcusablemente a través dos sistemas que ao efecto contempla o marco legal aplicable, que son os procesos selectivos con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade (vid. Artigo 14 da Constitución de 1978 en relación co disposto no artigo 19 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

Por tanto, non sería procedente nin axustado a Dereito o recoñecemento de oficio de categoría superior por parte da Administración, debendo articularse dentro do correspondente proceso de promoción interna e logo de que o interesado tivese superado a totalidade dos exercicios ao efecto.

De acordo co exposto, non resulta procedente estimar o recoñecemento da categoría superior solicitada por don Francisco de Asís Docampo Barrueco, sen prexuízo de que dacordo co informado pola técnica de Avaliación e Formación en data 16/03/2016, dadas as distintas funcións definidas para cada un dos postos de capataz e independentemente da posibilidade de efectuar a revisión da análise e valoración do posto de "Capataz Vigozoo" do que poida desprenderse a necesidade de modificación do grupo de titulación do mesmo, aquela deberá realizarse de conformidade coa correspondente proposta motivada a tal efecto de modificación no cadro de persoal orzamentario. Esta hipotética modificación, competencia do Pleno do Concello, debería realizarse mediante a racionalización dalgún posto vacante e que se considere prescindible na organización municipal, debendo quedar a extinguir no grupo de titulación de orixe, a praza obxecto de modificación. Así mesmo e, unha vez formalizada a devandita modificación, deberíase proceder á articulación do correspondente proceso de promoción interna.

Dacordo co informe da técnica de Formación e Avaliación de data 16/03/2016, as funcións desenvolvidas polo solicitante están comprendidas entre as especificadas no artigo 7 do Regulamento de Réxime Interior da Fundación Pública municipal do Parque Zoolóxico da Madroa, aprobado polo Pleno en data 30/05/1984; e o seu Complemento de Destino (CD) é idéntico ao resto dos capataces que constan na RPT do Concello de Vigo (398,74€), sendo superior o seu Complemento Específico (CE) (924,26€ frónte a 806,89€).

Xa que logo e, dacordo coa motivación anteriormente exposta, cómpre desestimar a solicitude de don Francisco de Asís Docampo Barrueco de equiparación en canto ao Grupo de titulación e categoría aos demais postos de Capataz existentes no Concello de Vigo, completando o carácter retributivo da mesma.

II.- Competencia e proposta de acordo:

De conformidade co réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e concretamente coa atribución para a aprobación das retribucións do persoal municipal e para a xestión económica do mesmo, recollida no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Primeiro.- Desestimar, de conformidade coa motivación exposta, a solicitude achegada con Rexistro de entrada de data 16/02/2016 (DOC. 160017924) por don Francisco de Asís Docampo Barrueco, con nº de persoal 83.319, e posto Codg Rtb 687 Capataz Zoo, para a súa equiparación en canto a Grupo de titulación e categoría aos demais postos de Capataz existentes no Concello,

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado no expediente e ao Director de Vigozoo, para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(464).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO NÚM. 27692/220 DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN, CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2016. EXPTE. 27919/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/05/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 01/04/2016, acordou recoñecer e aboar as Brigadas de Pavimentación do Parque Móbil e de Vías e Obras, un complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Xaneiro-2016, por un importe total de 507,60 €.

En dito acordo, nos cadros onde se relaciona o persoal que debe percibir dito complemento, por un erro mecanográfico no se incluíu a relación do persoal do servizo de Vías e Obras, aínda que si figura a cantidade total a aboar a ambas brigadas, o que non implica variación algunha en canto a cantidade total aprobada pola Xunta de Goberno.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado na proposta do Informe-proposta da Área de Recursos Humanos e Formación, de data de 10/03/2016, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/04/2016 (Expte. 27692/220- Complemento de Productividade por toxicidade das Brigadas de Pavimentación do Parque Móbil e de Vías e Obras correspondente ao mes de Xaneiro-2016), e que deberá figurar segundo se especifica:

SERVIZO DO PARQUE MOBIL

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	11,28 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	62,04 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	50,76 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	50,76 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	62,04 €
TOTAIS		236,88 €

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	56,40 €
81662	Barros González, Delio	62,04 €
17360	Bastos Román, Jesús	22,56 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	62,04 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	67,68 €
TOTAIS		270,72 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(465).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL DE REASIGNACIÓN, COMO CONSECUCENCIA DE ADAPTACIÓN DE POSTO DE TRABALLO DO EMPREGADO MUNICIPAL, D. ALBERTO CHENLO BARROS (SERVIZO DE LIMPEZA), AO SERVIZO DE PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS. EXPTE. 27723/220.

Dáse conta da Resolución do 04/05/16 concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“Visto o informe emitido pola Técnica de RRLL co conforme da Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación en data 29/04/2016, e en cumprimento do informe de vixilancia da saúde sobre traslado por adaptación de posto do empregado municipal D. Alberto Chenlo Barros;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Reasignar como consecuencia da adaptación de posto de traballo, ó empregado municipal D. Alberto Chenlo Barros, con nº de persoal 76527, peón, destinado no Servizo de Limpeza ó Servizo de Parque Central de Servizos, onde desenvolverá as funcións de peón, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado (código de posto 252.10, código retributivo 158) ao Servizo indicado (código 430) con efectos económicos e administrativos da data 01/05/2016.

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de peón, existente no Servizo de Limpezal, asociado a unha praza da mesma denominación (código retributivo 158 ó Servizo de Parque Central de Servizos (código 430)

debedo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Dispoñer que se proceda á preceptiva fiscalización previa daquelas transferencias de créditos e/ou modificacións e imputación orzamentaria e contable de retribucións susceptibles de derivarse do presente acto no marco da fiscalización mensual de nómina que se efectúe pola Intervención Xeral Municipal, nos termos do establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Cuarto.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Servizo de Limpeza, Xefatura da Área de Fomento, Servizo de Parque Central de Servizos, Área de Recursos Humanos e Formación (Planificación e Organización e inspección de persoal) é Técnicas de Prevención de Riscos aos efectos que procedan.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

28(466).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE ABRIL 2016. EXPTE. 1529/341.

Dáse conta do informe-proposta do 04/05/16, do xefe do servizo de Museos Municipais, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura:

“En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de ABRIL, e que son os que deseguido se relacionan:

ABRIL 2016

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO (341)	Expte. 1489-341. Seguro da colección fotográfica do Concello de Vigo. Axa Art. RCM 33412.	01/04/16	2.339,61 €

SERVIZO (341)	Expte. 1498-341. Subministración de material gráfico para as exposicións “Somos migrantes” e “Airiños Aires, Rosalía” en Casa das Artes. J. Marcos Rodríguez Vila (FASIDEAS). RCM 69678.	12/04/16	3.047,80 €
SERVIZO (341)	Expte. 1467-341. Redacción do proxecto dunha exposición de Ánxel Huete, Miguel Saco e Manel Lledós na Casa das Artes. Chus Martínez Domínguez. RCM 41019.	15/04/16	2.283,02 €
VERBUM (340)	Expte. 2512-340. Realización de traballos técnicos de adecuación do espazo destinado ao almacén no Verbum e posterior traslado ao mesmo dunha cociña de ferro situada na aula de Saians. RCM 42135.	19/04/16	568,70 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5634-337. Servizo de montaxe de materiais arqueolóxicos e recursos museográficos da exposición “EMPORIUM”. ILUMINART Servicios Culturais, S.L. RCM 42118.	19/04/16	21.773,34 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5658/337. Contratación da póliza do seguro da colección de Arqueoloxía do Museo Municipal “Quiñones de León”. AXA ART. RCM 47482.	22/04/16	2.043,15 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

29(467).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE HOSTALARÍA NO LOCAL DESTINADO A CAFETERÍA-RESTAURANTE DO INMOBLE MUSEO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 2403/340.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/02/16 e o informe de fiscalización do 06/05/16, dáse conta do informe-proposta do 02/05/16, do director administrativo do Verbum, conformado polo xefe do servizo de Museos Municipais, polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Examinado o informe de fiscalización emitido por esa Intervención Xeral con data 22 de xaneiro de 2016, por parte da xefatura de Contratación, da xefatura do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e da dirección administrativa do Verbum, asíñase dilixencia ao respecto, na que se fan aclaracións sobre as observacións realizadas no dito informe de fiscalización.

Polo indicado, procede reformular novamente a proposta, que queda como sigue:

1.- Antecedentes:

Con data 21 de abril de 2015, o concelleiro-delegado de Cultura dictou orden de inicio do expediente para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de hostelería no local destinado á cafetería-restaurante no Verbum-Casa das Palabras

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación, asinado polo director administrativo do Verbum.
- Informe valorativo do canon a aplicar no local destinado á prestación do servizo de hostelería, asinado polo enxeñeiro de edificación D Aurelio Adán.
- Informe de usos do local destinado á prestación do servizo de hostelería, asinado polo enxeñeiro da edificación D. Aurelio Adán.
- Orde de inicio do concelleiro-delegado de Cultura de data 21/04/15.
- Informe, asinado por D. Miguel Pola, vogal do Tribunal Económico-Administrativo, en relación co coeficiente de actualización dos prezos máximos de venda ao público no contrato referido á prestación de servizos de hostelería no local destinado a tal fin no Verbum-Casa das Palabras.
- Memoria xustificativa da necesidade da contratación asinada polo director administrativo do Verbum e conformado polo xefe do Servizo de Museos Municipais e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, con data 8/10/2015.
- Prego de Prescricións Técnicas Particulares, asinado polo director administrativo do Verbum e conformado polo xefe do Servizo de Museos Municipais e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, con sinaturas de data 17/11/2015.
- Novo Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 15/02/2016.
- Dilixencia asinada pola xefa do Servizo de Contratación, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e director administrativo do Verbum, onde se clarexan as observacións realizadas pola Intervención Xeral, no informe de fiscalización de data 22/01/2016.
- Informe favorable da Titular de Asesoría Xurídica de data 24 de febreiro de 2016, sobre o PCAP.

2.- Condicións definatorias do contrato, segundo o especificado no PCAP proposto pola xefatura do Servizo de Contratación:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto da presente licitación é a explotación do servizo de hostelería no local destinado á cafetería-restaurante no Verbum-Casa das Palabras, sito na Av. Samil, 17, concretamente nos lugares que figuran no plano xeral das instalacións recollido no Anexos.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2.m) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, no que respecta á promoción da cultura e equipamentos culturais.

A codificación que corresponde no vocabulario común de contratos públicos (CPV), regulado no Regulamento (CE) n.º 2151/2003 da Comisión, de 16 de decembro de 2003, modificado por Regulamento (CE) n.º 213/2008 da Comisión, de 28 de novembro de 2007, é a seguinte:

- CPV: 55410000-7 (Servizos de xestión de bares)

O presente contrato, de natureza administrativa, cualifícase como administrativo especial (artigo 19.2 TRLCSP).

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Este contrato non está sometido a regulación harmonizada nin é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

c.- Canon anual e forma de pagamento:

O canon anual mínimo a aboar pola explotación da cafetería se fixa en 9.848,54 euros IVE incluído, que pode ser mellorado á alza polos licitadores. Este importe, non será revisable, permanecendo constante durante a duración do contrato e as súas prórrogas.

O canon anual prorratarase con carácter trimestral e o adxudicatario deberá efectuar o ingreso correspondente a cada trimestre na Tesourería Municipal nos primeiros cinco días do mes seguinte ó de vencemento do trimestre, mediante procedemento de autoliquidación, e sen necesidade de que medie notificación ou requirimento previo da Administración de Tributos.

d.- Revisión de prezos:

Os prezos máximos de venda ó público dos produtos básicos fixados no Anexo IX.3 do prego

de prescricións técnicas poderán ser revisados anualmente. A primeira revisión terá efecto o 1 de xaneiro de 2017.

e.- Habilitación profesional:

Non se esixe.

f.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica e profesional:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante:

- Declaración do volume anual de negocio no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó triplo do importe do canon anual.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase mediante:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos análogos ós do obxecto do contrato realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ó o importe do canon anual. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ó importe do canon anual. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos

ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

g.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa:

. O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos seguintes criterios establecidos no PCAP:

A) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1) Incremento do canon anual mínimo: se valorará con ata 100 puntos

Se outorgarán 100 puntos ó licitador que oferte o maior incremento, puntuándose proporcionalmente os restantes.

Os eventuais empates resolveranse:

- En primeiro lugar, o desempate resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 %. Se varias empresas licitadoras das que empataran en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ó 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na plantilla do seu persoal.
- De persistir o empate se efectuará un sorteo.

Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso, que as ofertas podan conter valores anormais o desproporcionados.

h.- Subcontratación:

Non se admite a subcontratación.

i.- Cesión do contrato:

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- 1) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- 2) Que o cedente teña executado a lo menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación.
- 3) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ó cedente, e non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar.
- 4) Que a cesión se formalice en escritura pública.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente.

j.- Prazo de garantía:

Dadas as características das prestacións obxecto deste contrato non se fixa prazo de garantía.

k.- Garantías esixibles e liquidación do contrato:

O licitador que resulte adxudicatario do contrato deberá prestar unha garantía definitiva do 5% do canon que oferte para os catro anos de duración do contrato.

Esta garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96.1 e 2 do TRLCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RXLCAP.

Finalizado o prazo contractual practicarase a liquidación do contrato, procedendo á devolución da garantía definitiva se non resultaran responsabilidades que haxan de executarse sobre a mesma.

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo:

O prazo de execución do contrato será de catro anos e poderá ser obxecto de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas. A estes efectos, deberá comunicar por escrito a súa renuncia ó responsable do contrato. En caso contrario, enténdese que acepta a prórroga.

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

A data de inicio fixarase no contrato, dentro do prazo dos 2 meses seguintes á data de formalización do mesmo.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

O contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude da presente adxudicación, nos termos contractuais e os legalmente establecidos, e coa máxima calidade e eficiencia.

Na acta de entrega das instalacións deixarase constancia dos equipamentos adicionais que, no seu caso, achegue o contratista e o seu estado de conservación.

n.- Modificación do contrato:

Non se prevé a modificación do contrato.

o.- Seguro:

O adxudicatario deberá indemnizar de todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, de acordo co disposto no artigo 214 do TRLCSP.

A tal fin, o adxudicatario estará obrigado a contratar e manter vixente durante o período contractual as seguintes pólizas de seguros:

- 1) De danos do local municipal, fronte a todo risco, que cubra as perdas ou danos materiais, polo importe ó menos de 1.000.000 €, e na que figure como beneficiario o Concello de Vigo.
- 2) De responsabilidade civil fronte a terceiros, cunha garantía por sinistro de ó menos 600.000 euros/ano e 400.000 euros/sinistro.

Con carácter previo, ao sometemento da proposta ao órgano de contratación, a Intervención Xeral deberá emitir informe favorable de fiscalización, de acordo co previsto no artigo 214 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais, o artigo 109 e DA 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e art. 318.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

3.- Proposta:

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación dos servizos de hostelería no local destinado á cafetería-restaurante no Verbum-Casa das Palabras.

Segundo: aprobar o Prego de Prescripción Técnicas Particulares para a execución co contrato sobre relativo á prestación dos servizos de hostelería no local destinado á cafetería-restaurante no Verbum-Casa das Palabras.

Terceiro: aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 15 de febreiro de 2016.

Cuarto: abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(468).- ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO “PROXECTO DE RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA BUEU”. EXPTE. 3854/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/05/16, do xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

I.- En data 19.04.2016 o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina emite informe no que se xustifica a conveniencia e idoneidade das obras de RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO na rúa Bueu

II.- En data 02.05.2006 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de Renovación da Rede de Saneamento e abastecemento na Rúa Bueu”

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- En data 21.11.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa de xestión integral da auga.

No punto III do citado Acordo da Xunta de Goberno Local aceptase o compromiso da concesionaria asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución sinaladas no mesmo.

II.- En data 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Investimentos.

No punto III do citado acordo establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.,

III.- En data 22.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o cadro de prezos de unidades de obra, establecido como obrigatorio no punto II do Procedemento de Contratación a seguir no Plan de Investimentos de Aqualia.

O proxecto encomendado debe, por tanto, atinguirse ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de Renovación da Rede de Saneamento e abastecemento na Rúa Bueu”

2º.- Designar ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas/ Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos municipal, D. Jorge Muñoz Rama como director do proxecto de obras de Renovación da Rede de Saneamento e abastecemento na Rúa Bueu.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(469).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS DE RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO NAS RÚAS LOTAS E BREA. EXPTE. 3132/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/05/16, dáse conta do informe-proposta do 25/11/2015, do xefe da área de Fomento, conformado polo asesor xurídico da área e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

“Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local de data 13 marzo de 2015, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 6 de marzo de 2015 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento da mesma data 9 de marzo de 2015, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do Proxecto para a “Renovación das redes de saneamento nas ruas Lotas e Brea”.

II.- En cumprimento de dito acordo en data 19 de outubro de 2015 a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA-FCC” - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado polo enxeñeiro industrial, D. Casimiro Fontenla Bugallo da empresa ESIMPRO S.L., cun orzamento de 84.178,16 euros, IVE non incluído.

III.- Coa mesma data, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 3.533,36 euros, IVE non incluído.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, continúa o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2015, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación das redes de saneamento nas rúas Lotas e Brea. O prazo estimado para a execución das obras é de 4 meses.

O artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jorge Muñoz Rama, o 19 de novembro de 2015, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 19 de novembro de 2015 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jorge Muñoz Rama, de data 19 de novembro de 2015, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico – que inclúe memoria, planos e presuposto- para executa-las obras de RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO NAS RÚAS LOTAS E BREA por un importe total de 84.178,16 euros (IVE non incluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 3.533,36 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	ESINPRO	1.414,76 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	1.414,76 €

Coordinacion de seguridade e saúde	CSM	353,69 €
	SUMA	3.183,21 €
	11% Gastos de Xestión	350,15 €
	TOTAL (IVE non engadido)	3.533,36 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(470).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O SOSTEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DURANTE 2016. EXPTE. 5977/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03/05/16 e o informe de fiscalización do 05/05/16, dáse conta do informe-proposta 02/05/16, da xefa do servizo de Turismo, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“O día 5 de xaneiro de 2016 esta xefatura tiña asinada unha proposta de Convenio de colaboración coa Fundación Vigo Convention Bureau (en diante FVCB) para o ano 2016, semellante aos realizados desde 2011. Obran neste expediente os documentos e informes sucesivamente evacuados polos técnicos competentes, así como as modificacións realizadas no texto orixinal.

No informe da Xefa de de Servizo de Fiscalización de data 16 de marzo de 2016 se fundamenta en moi diversas normas legais de aplicación, as seguintes referencias, entre outras:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello*
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación a s achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.*
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do Sector Público Estatal, definidas na Lei de Fundacións.*
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que debe servir de referencia respecto ao ámbito local.*
- A FVCB foi declarada de interese galego, polo que lle resulta de aplicación a Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.*
- A FVCB reúne a circunstancia necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que a financia no 85,12 o Concello de Vigo, con independencia de que , neste caso, non se fai referencia á proporción da representación do Concello de Vigo ou Xunta de Galicia nos seus órganos de goberno e dirección, ou da capacidade destas Administracións Públicas de participar no nomeamento dos membros do padroado)*

As conclusións principais do informe da Intervención Xeral son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, debendo o Servizo Xestor elaborar a normativa á que se suxeitara a citada transferencia na que se debe recoller a periodicidade dos pagamentos.*

-A comprobación, xustificación e control da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da FVCB debe realizarse mediante técnicas de auditoría contratadas ao efecto.

-Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

A Fundación Vigo Convention Bureau é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.*
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.*
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.*
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.*
- Os rendementos do seu patrimonio.*
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.*
- Os créditos e prestamos que lle sexan concedidos.*

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.

Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.

Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.

Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.

Promoción en feiras nacionais e internacionais.

Promoción da cidade como destino MICE

A FVCB, consonte co previsto no artigo 5, aprobou na última reunión do padroado, o plan de traballo que reflicte como obxectivo conexo "a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade."

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

A información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local é unha competencia propia do municipio, de conformidade co previsto no artigo 25.2 m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que reformula neses termos o Art. 25.2.h da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, polo que o financiamento municipal das actividades da FVCB están plenamente comprendido nesta competencia.

Polo devandito parece oportuno que se autorice a transferencia de financiamento xeral do programa de actividades e funcionamento durante 2016 da Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, por importe de 135.000€ (cento trinta e cinco mil euros), de acordo co seguinte calendario:

- Un primeiro pago a conta solicitado o 4 de xaneiro de 2016 e xa abonado o día 4 de febreiro de 2016, por importe de 25.000€*
- Segundo pago de 40.000€, ingresado non máis tarde do 15 de maio do 2016.*
- Terceiro pago de 40.000€, ingresado non máis tarde do 31 de xullo do 2016.*
- Cuarto pago de 30.000€, ingresado non máis tarde do 15 de novembro do 2016*

A transferencia do financiamento pode realizarse con cargo á aplicación presupostaria 43204890000 (Aportación ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau) do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar

Consonte co Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros delegados, do día 19 de xuño de 2015 establece na Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, entre outras, a seguinte, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5: "A dirección da Fundación Vigo Convention Bureau e a vicepresidencia do seu Padroado" e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión de uso en precario da oficina sita en Cánovas del Castillo, 3 , Of. 4, considérase necesario establecer as seguintes normas e compromisos coa Fundación Vigo Convention Bureau:

1º.- As actividades da FVCB serán as definidas nos seus estatutos, detallada no programa de actividades para 2016, que se achega.

2º.- O presuposto da FVCB para 2016 ascende a 158.600€, detallado na previsión 2016 que se anexa, do que o 85,12% é achega municipal.

3º.- As obrigas da FVCB son

a.- Desenvolver o programa de actividades aprobado polo seu Padroado, asumindo a totalidade dos gastos que xere. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercizo presupostario.

b.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas

c.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública a financiación recibida do Concello de Vigo

d.- Colaborar co Concello de Vigo – Turismo de Vigo en cantas actuacións turísticas realice.

e.- Comunicar ao Concello de Vigo coa antelación debida os cambios que se poideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

4º.- As obrigas do Concello de Vigo son:

a.- Realizar o seguemento das actividades da FVCB e colaborar na súa viabilidade

b.- Tramitar en prazo os pagos, consonte co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local

5º.- A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é o servizo municipal de turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2016.

6º.- A difusión do carácter público do financiamento da FVCB concretarase na indisociabilidade do logo do Concello de Vigo co da FVCB. Empregarase en todos os lugares, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo e posicionarse en liña coa marca municipal.

7º.- A información sobre as actividades da FVCB achegarase regularmente ao servizo municipal de turismo, sen menoscabo do labor de fiscalización que compete á Intervención Xeral.

8º.- A documentación a achegar pola FVCB será a seguinte:

a.- Informes trimestrais de actividades

b.- Relación de ingresos y gastos vencellados coas actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acreedores, conceptos, importes e datas de emisión.

c.- Copia de convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d.- Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercizo

e.- Ao tratarse a FVCB dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán aportar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina

Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014 de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostanibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último, a Fundación ten a obriga de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos reximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostanibilidade Financeira

Coa conformidade da Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, tras os informes do Secretario da Administración Xeral e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO:

1º.- Autorizar a transferencia de financiamento xeral do programa de actividades e funcionamento durante 2016 da Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, por importe de 135.000€ (cento trinta e cinco mil euros), de acordo co seguinte calendario:

- a) Un primeiro pago a conta solicitado o 4 de xaneiro de 2016 e xa abonado o día 4 de febreiro de 2016, por importe de 25.000€*
- b) Segundo pago de 40.000€, ingresado non máis tarde do 15 de maio do 2016.*
- c) Terceiro pago de 40.000€, ingresado non máis tarde do 31 de xullo do 2016.*
- d) Cuarto pago de 30.000€, ingresado non máis tarde do 15 de novembro do 2016*

2.- A transferencia do financiamento pode realizarse con cargo á aplicación presupostaria 43204890000 (Aportación ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau) do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico,

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar

SEGUNDO:

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros delegados, do día 19 de xuño de 2015 establece na Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo,

entre outras, a seguinte, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5: "A dirección da Fundación Vigo Convention Bureau e a vicepresidencia do seu Padroado" Co obxecto de xestionar esta colaboración, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión de uso en precario da oficina sita en Cánovas del Castillo, 3 , Of. 4, establecéndose as seguintes normas e compromisos coa Fundación Vigo Convention Bureau:

1º.- As actividades da FVCB serán as definidas nos seus estatutos, detallada no programa de actividades 2016, que se achega.

2º.- O presuposto da FVCB para 2016 ascende a 158.600€, detallado na previsión 2016 que se anexa, do que o 85,12% é achega municipal.

3º.- As obrigas da FVCB son

a.- Desenvolver o programa de actividades aprobado polo seu Padroado, asumindo a totalidade dos gastos que xere. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercizo presupostario.

b.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas

c.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública a financiamento recibida do Concello de Vigo

d.- Colaborar co Concello de Vigo – Turismo de Vigo en cantas actuacións turísticas realice.

e.- Comunicar ao Concello de Vigo coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

4º.- As obrigas do Concello de Vigo son:

a.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB e colaborar na súa viabilidade

b.- Tramitar en prazo os pagos, consonte co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local

5º.- A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é o servizo municipal de turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2016.

6º.- A difusión do carácter público do financiamento da FVCB concretarase na indisociabilidade do logo do Concello de Vigo co da FVCB. Empregarase en todos os lugares, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo e posicionarse en liña coa marca municipal.

7º.- A información sobre as actividades da FVCB achegarase regularmente ao servizo municipal de turismo, sen menoscabo do labor de fiscalización que compete á Intervención Xeral.

8º.- A documentación a achegar pola FVCB será a seguinte:

- a.- *Informes trimestrais de actividades*
- b.- *Relación de ingresos y gastos vencellados coas actividades e funcionamento da FVBC, con expresión de acreedores, conceptos, importes e datas de emisión.*
- c.- *Copia de convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.*
- d.- *Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercizo*
- e.- *Ao tratarse a FVCB dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostanibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán aportar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.*

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014 de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostanibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último, a Fundación ten a obriga de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo , polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos reximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostanibilidade Financeira”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(471).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE COTAS DE CONSERVACIÓN. EXPTE. 8938/407.

Dáse conta do informe-proposta do 02/05/16, da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos da XMU, conformado polo xerente da XMU:

“A Entidade Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo é unha entidade de dereito público cuxa finalidade é a de regular as relacións xurídicas entre os propietarios e usuarios do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, no marco da ordenación urbanística desenvolvida polo Plan Parcial de Ordenación, o Proxecto de Urbanización do Parque, así como das modificacións puntuais realizadas; todos eles aprobados polo Concello de Vigo.

Esta Entidade ten xenéricamente por obxecto a conservación das obras de urbanización e mantemento das dotacións e instalacións dos servizos xerais do Parque asumindo a conservación das zonas verdes, viais e aceras, mobiliario urbano e sinalización e instalacións de alumeadado público. Así como a prestación dos servizos de recollida e xestión de residuos sólidos urbanos e a limpeza viaria.

O día 11 de xullo de 2012, D. José Luciano Martínez Covelo, na súa calidade de Presidente da Entidade, presentou escrito no Concello de Vigo solicitando o inicio da vía administrativa de constrinximento contra a empresa debedora Alvarado Frío Distribuciones, S.L., NIF B-36858006, polo impago das cotas da parcela 6.7 da rúa 3 do Parque Tecnolóxico e Loxístico.

Tra-los preceptivos trámites previos, en febreiro de 2013 remitiouse á Tesourería Municipal o acordo da Xunta de Goberno Local para a execución forzosa das cotas de conservación adebedadas pola empresa Alvarado Frío Distribuciones, S.L., por un importe total de 7.657,76 euros (exp. 6674/407). Dito expediente estase a tramitar na unidade de Recadación Executiva do Concello de Vigo.

O 29 de abril de 2014, D. José Manuel Modroño Martínez, na súa calidade de Presidente da Entidade, presentou escrito solicitando a ampliación da contía reclamada en vía de constrinximento á entidade Alvarado Frío Distribuciones, S.L. polo impago das cotas de conservación ata un importe total de 18.665,79 euros.

Tras o acordo da Xunta de Goberno Local, remitiouse á Unidade de Recadación Executiva o expediente para a ampliación da contía reclamada en vía de constrinximento.

O 29 de abril de 2016, D. José Manuel Modroño Martínez, na súa calidade de Presidente da Entidade, e D. Benardino Pereira Gago como Tesoureiro da mesma, presentaron escrito solicitando unha nova ampliación da cantidade a reclamar en vía de apremio, incluíndo as cotas impagadas ata decembro de 2015.

Á dita solicitude achégase certificación emitida polo Presidente e o Tesoureiro da Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo relativa á débeda que mantén a empresa coa Entidade, e ao acordo da Xunta Directiva adoptado o 16 de decembro de 2015 de comunicar o aumento da débeda inicial. Así mesmo, certifícase a realización de notificacións por distintos medios á empresa Alvarado Frío Distribuciones, S.L. da cantidade adebedada, así como do inicio da vía de constrinximento ante o impago da débeda existente.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 32.10 dos Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo recolle expresamente como facultade da Xunta Directiva a de: Solicitar da Administración municipal a aplicación do procedemento executivo e a vía de constrinximento para o cobro das cotas que adebeden os asociados.

Así mesmo, o artigo 41.1. dos Estatutos establece que: As cotas dos socios e demais cantidades que deban satisfacer éstos serán ingresadas nos prazos e datas que fixe a Xunta Directiva. A partir da data na que sexan esixibles devengarán xuros legais de mora ata o seu completo aboamento. No caso de impago, as cotas poderán ser esixidas mediante

reclamación en vía civil ordinaria ou a través do Concello pola vía executiva do procedemento de prema, entregándose neste caso á Entidade as cotas recibidas polo Concello.

Doutra banda, o artigo 70.1 do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación Urbana establece que: Calquera que fose o suxeito a quen corresponde a obriga de mantemento á que se refiren os artigos precedentes, o Concello ou administración actuante, na súa condición de titular dos terreos de dominio público, obras, dotacións e instalacións obxecto de cesión obrigatoria, poderá esixir pola vía de prema as cotas que se adebeden, sexa de oficio, ou a instancia, no seu caso, da entidade urbanística colaboradora.

O artigo 110.6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia recolle que: As cotas de conservación que corresponda satisfacer aos membros da entidade urbanística de conservación serán obrigatorias e esixibles pola vía de prema.

Segundo o artigo 163.1 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento de prema é exclusivamente administrativo e a competencia para entender do mesmo e resolver todas as súas incidencias corresponde únicamente á Administración tributaria.

A providencia de apremio será título suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados.

Dito procedemento non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. A súa iniciación ou tramitación non suspenderá a iniciación daqueles, salvo cando proceda de acordo co establecido na Lei Orgánica 1/1987, de 18 de maio, de Conflictos Xurisdiccionais, ou coas normas do artigo 164 da Lei Xeral Tributaria.

O procedemento de apremio se iniciará e impulsará de oficio en todos os seus trámites e, unha vez iniciado, só se suspenderá nos casos e na forma prevista na normativa tributaria. Se iniciará mediante providencia notificada ao obrigado na que se identificará a débeda pendente, se liquidarán os recargos que procedan e se lle requerirá para que efectúe o pago.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo. En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

– Quedar enterada das seguintes cotas de conservación adebedadas pola sociedade mercantil Alvarado Frío Industrial, S.L. (NIF B-36.858.066) á Entidade de Urbanística de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

ANO	MES	FACTURA Nº	COTA
2014	Maio	2014/A162	478,61 €
2014	Xuño	2014/A200	478,61 €
2014	Xullo	2014/A237	478,61 €

2014	Agosto	2014/A274	478,61 €
2014	Setembro	2014/A311	478,61 €
2014	Outubro	2014/A348	478,61 €
2014	Novembro	2014/A385	478,61 €
2014	Decembro	2014/A422	478,61 €
2015	Xaneiro	2015/A008	478,61 €
2015	Febreiro	2015/A046	478,61 €
2015	Marzo	2015/A084	478,61 €
2015	Abril	2015/A122	478,61 €
2015	Maio	2015/A160	478,61 €
2015	Xuño	2015/A198	478,61 €
2015	Xullo	2015/A236	478,61 €
2015	Agosto	2015/A274	478,61 €
2015	Setembro	2015/A312	478,61 €
2015	Outubro	2015/A350	478,61 €
2015	Novembro	2015/A388	478,61 €
2015	Decembro	2015/A427	478,61 €
2016	Xaneiro	2016/A008	478,61 €
2016	Febreiro	2016/A045	478,61 €
2016	Marzo	2016/A083	478,61 €
		TOTAL	11.008,03 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

34(472).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APLICACIÓNS EXTERNAS (XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINA). EXPTE. 7729/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2/05/16, e o informe de fiscalización do 11/05/16, dáse conta do informe-proposta do 3.05.16, asinado pola adxunta ao Xefe do Servizo de Administración Electrónica, e o xefe de dito Servizo, e conformado polo tesoureiro municipal, o concelleiro delegado de Economía e Facenda e polo concelleiro de Admón. Electrónica, que di o seguinte:

Mediante resolución de data 02/03/2016, o Concelleiro delegado de Administración Electrónica autorizou o inicio do procedemento de contratación do servizo para o "Mantenimento de Aplicacións externas: Xestión de RR.HH. e nómina".

No expediente en tramitación, ata o de agora figuran incorporados os seguintes documentos:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación, asinado pola Adxunta ao Xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica en data 2 de marzo de 2016.
- Resolución de inicio do expediente de contratación do Concelleiro Delegado de Administración Electrónica do 2 de marzo de 2016.
- Prego de prescricións técnicas particulares, asinado pola Adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica o 02 de marzo de 2016, e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 04 de marzo de 2016.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada pola Adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 31 de marzo de 2016.
- Informe da Xefa do servizo de Contratación sobre o cumprimento dos requisitos legais mínimos para a tramitación do contrato, asinado o 12 de abril de 2016.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 28/04/2016.
- Informe xurídico favorable respecto ao prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa de Asesoramento, o 29/04/2016, e pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal o 02/05/2016.

Os elementos básicos do contrato, tal e como figuran recollidos e desenvolvidos nos documentos que forman parte deste expediente son os seguintes:

- O seu obxecto é o soporte de mantemento e actualización da aplicación de Xestión de RR.HH. e Nómina (Ginpix7) así como unha bolsa de horas de asistencia técnica adicional non incluída no soporte estándar.
- O prazo é de dous anos, contemplándose dúas prórrogas anuais.
- O importe do contrato é de 90.513,62 €, dos cales 40.961,62 € impúntanse á partida 9207.2279902, e 49.552 € impúntanse á partida 9340.2270602.

A competencia para a resolución do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa calidade de órgano de contratación segundo dispón a Disposición Adicional segunda (punto 3º) do R.D.L. 3/2011. Respecto á motivación da resolución que aproba o expediente, a constancia da documentación acreditativa da necesidade e axuste a dereito da contratación abonda para cumprila (STS 14/09/2012 e SSTC 146/1990, sobre motivación por remisión).

PROPOSTA

Atendendo ao anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

1. A aprobación do expediente de contratación, polo procedemento negociado sen publicidade, para soporte de mantemento da aplicación de Xestión de RR.HH. e Nómina e asistencias técnicas adicionais, coas características definidas nos pregos.
2. A aprobación do Prego de prescricións técnicas, de data 04/03/2016, e o Prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación e asinado o 28/04/2016, para a contratación do servizo de mantemento e asistencias técnicas para a aplicación de Xestión de RR.HH. e Nómina.
3. A aprobación do gasto por importe de 90.513,62 €, atendendo ao seguinte reparto:

Partida	Exercicio	Base	IVE.	Importe total
9207.2279902	2016	15.926,29	3.344,52	19.270,81 €
9207.2279902	2017	17.926,29	3.764,52	21.690,81 €
9340.2270602	2016	20.476,03	4.299,97	24.776,00 €
9340.2270602	2017	20.476,03	4.299,97	24.776,00 €
Totais:		74.804,64	15.708,98	90.513,62 €

4. A apertura do procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(473).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO BALONMÁN NA RÚA O VINDEIRO MARTES 17 DE MAIO DE 2016. EXPTE. 15081/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/05/16, asinado polo director deportivo e xefe da Unidade técnica Deportiva, o concelleiro-delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Federación Galega de Balonman con CIF (G-36690832), a través do Rexistro Municipal (Doc.160055735), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: BALONMAN NA RÚA*
- *Data: 17 DE MAIO DE 2016*
- *Horario: 10.00h a 16.00h*
- *Hora montaxe e desmontaxe: 04.00h a 20.00h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o martes 17 de maio de 2016, A proba comezará ás 10.00h e rematará ás 16.00h, o evento terá lugar na rúa Areal, entre rúas Oporto e Serafín Avendaño,

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*

- *Seguridade.*
- *Protección civil.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Federaciópñ Galega de Balonman con CIF (G-36690832), a organizar o vindeiro martes 17 de maio de 2016, a proba deportiva denominada BALONMAN NA RÚA, este evento se levará a cabo na rúa Areal entre as confluencias das rúas Oporto e Serafín Avendaño, entre ás 10.00h a as 16.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.